

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2012 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2013.-

O Sr. presidente preguntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ós borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 28 de decembro de 2012 e á extraordinaria do día 18 de xaneiro de 2013, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, puntualiza que votarán a favor da acta da sesión ordinaria do 28 de decembro de 2012 e con respecto á da sesión extraordinaria do día 18 de xaneiro de 2013 manifesta que fixeron unhas preguntas que non se lle contestaron e entenden que pode haber algunha lagoa xurídica e que polo tanto teñen dúbidas sen resolver referidas a se o procedemento seguido na votación do punto da orde do día, logo do incidente de recusación formulado polo Partido Socialista, é axustado a dereito ou non, polo que se van abster na aprobación da dita acta.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Seguidamente, o Sr. presidente somete a votación, por separado, a aprobación das actas mencionadas, co seguinte resultado:

- **Acta da sesión ordinaria do 28 de decembro de 2012:** queda aprobada por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos.
- **Acta da sesión extraordinaria do día 18 de xaneiro de 2013:** queda aprobada co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2).

2º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA TÉCNICA, ECONÓMICA E XURÍDICA ÓS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2013.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que se aprecian avances nas bases de 2013 con respecto ás de 2012, cara a fixar uns criterios máis obxectivos e transparentes, o cal non deixa en moi bo lugar, e xustifica o seu voto en contra, con respecto ás bases aprobadas por este Pleno en xullo de 2012, que tachan de arbitrarias e discriminatorias. A eliminación dalgunhas cuestións que aparecían, caso da inclusión dunha subvención dun titulado superior ós concellos da Gudiña e Nogueira de Ramuín, que se suprime este ano ó constatar que carecían do servizo, evidencian o escaso ou nulo rigor á hora de establecer criterios de reparto. O pago compensatorio a concellos e mancomunidades de ata un 300 % da axuda percibida no exercicio 2011 da Xunta de Galicia polo mesmo concepto (servizo de axuda no fogar), a substitución de técnicos municipais en supostos de baixas temporais debidamente xustificadas, que nas bases de 2013 non aparece contemplado, ou cuestións tan controvertidas como a contratación, a través dun convenio coa xunta de persoal específico para o reforzamento do servizo de axuda a domicilio naqueles municipios nos que o dito servizo resulte insuficiente. O persoal contratado dependerá da Deputación Provincial nos mesmos termos que o equipo técnico provincial de servizos sociais, persoal que como teñen denunciado foi contratado conculcando os principios de igualdade, mérito e capacidade, e que están a desenvolver traballos nesta institución que nada teñen que ver co obxecto da súa contratación. Para o BNG o debate non debe ser tan só se estas bases son un pouco mellores que as do ano pasado, senón

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

que o que debemos expoñer é se debe se-la Deputación a Institución que asuma a competencia en materia dos servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. En sucesivos plenos o BNG defendeu e segue a defender que debe se-la Xunta a que debe mante-lo financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, tamén ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, e evita-las graves consecuencias que vai carrexar esta decisión con consecuencias moi graves para os propios usuarios, xa que van ter que incrementa-la participación económica, distinta en cada un dos concellos, para os traballadores e traballadoras que realizan o servizo, xa que perderán o seu emprego pasando a incrementa-la alta taxa de desemprego, e para as depauperadas arcas provinciais e municipais que, no mellor dos casos, van ter que facerlles fronte a recursos propios para manter un servizo de calidade que cubra a alta demanda existente e no peor dos casos deixar á xente sen poder atendela. Polo tanto, aínda podendo entende-lo esforzo económico que comporta asumir desde a Deputación o Plan de servizos sociais, e de xeito particular o SAF, e da insuficiente mellora nos parámetros que miden a percepción dos distintos concellos, xa que só se contemplan parámetros como o da poboación e non outros como o modulo económico, as unidades de convivencia atendidas e as ratios de cobertura, que nos darían a situación real. O BNG non pode compartir nin a filosofía de fondo, pola cal a Xunta se desentende dunha competencia propia, asignándolles un papel as deputacións que non lles corresponde, nin a distribución económica que nin tan sequera cobre as necesidades mínimas de cobertura e deixa a moitos concellos sen apenas recursos para poder dar un servizo de calidade.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que o seu grupo lle dera un voto de confianza ó grupo de goberno votando a favor das anteriores bases reguladoras. Anuncia que se van abster (unha abstención crítica) na aprobación destas bases. Coinciden nalgunhas cousas co BNG, pero nutras teñen o seu propio criterio. Cren que o criterio de reparto pode ser obxectivo, sen entrar na cuestión de quen debe exercer estas competencias (que o seu grupo cre que debería se-la Xunta). No día de hoxe podería quedar aclarado, con motivo da nova reforma da Lei de bases do réxime local, e poderíamos estar votando algo agora que despois emendara esa propia lei (pero parece ser que ó día de hoxe o PP non chegou a un acordo e non vai presentar esa modificación). Teñen claro que se están aprobando unhas bases reguladoras que nada teñen que ver con outras consideracións que se fagan respecto de cómo se teñen que desenvolve-los servizos sociais, por iso se van abster. Por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

moitos outros motivos o que lles pediría o corpo é votar en contra, pero entenden que a fórmula pode ser obxectiva, pero o desenvolvemento dos criterios para contrata-las persoas por medio de convenios ou outros tipo de fórmulas, deben respectarse e rexerse por unhas bases de contratación con tódalas garantías. En canto á asistencia xurídica non teñen dúbidas de que se faga ben, senón que dubidan de quen pode achegar esa asistencia xurídica, porque ó mellor teñen vinculacións doutro tipo. Con respecto á conveniencia ou non do que poida haber máis alá, que serán os propios convenios (se é que este ano os volve haber) cre que iso será outro debate no que se pronunciarán no seu momento. Quere deixar claro que se absteñen nas bases reguladoras, que dalgún xeito determinan a cantidade de diñeiro que vai ir a cada concello. Pensan que a Deputación está asumindo un “marrón” que non lle corresponde. Reitera que non entran nos criterios obxectivos do reparto, pero outra cousa será cando chegue o suposto que mencionou anteriormente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que non sabe moi ben o que quixo dici-lo Sr. Rodríguez Puga e en canto ó Sr. Gómez Pérez dille que mestura cousas xa que o que estamos a debater é a aprobación das bases reguladoras do Programa provincial de asistencia técnica, económica e xurídica ós concellos e mancomunidades. Non estamos a falar da contratación de persoal (tema moi sensible ultimamente) senón das axudas directas ós concellos, e despois cada concello contrata ó persoal na forma que quere, xa que nalgúns sitios se critica a forma de traballar e noutros non, depende onde sexa e quen governe (como diría o anterior presidente non seremos santos, pero os outros tampouco). Lembra que esta é a primeira deputación de Galicia en aprobar estas bases (tamén o foi o ano pasado), que entenden son obxectivas e elaboradas cun traballo laborioso e eficiente por parte dos técnicos desta casa, cunhas pequenas modificacións con respecto ás do ano pasado e só teñen un fallo: a falta de máis recursos. Lamenta que a oposición non aprobe estas bases, pero parece ser que na conxuntura na que estamos nada lles está ben.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, agradeceríalle ó Sr. Álvarez Dobaño que iso de *y tu más* fose un pouquiño máis a menos. Di que explicou o voto en contra do seu grupo e pide respecto co seu criterio, que por outro lado é congruente coa postura que teñen manifestado noutras ocasións con respecto a este tema. Sente non poder votar a favor pero votan en contra porque consideran que non están como deberían estar.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que eles non queren ser santos, porque esa non é a súa forma de pensar. Pensa que o seu grupo está sendo responsable absténdose na votación e facendo unha valoración clara do que entenden que se está aprobando. Saben que os recursos non son os axeitados por iso o corpo lles pediría votar en contra. Este é un tema moi importante para tódolos concellos e todos deben ter claro que se lle podería facer fronte doutro xeito á situación, que ás veces nos marcan os partidos. Tódolos concellos van ter que facer un esforzo porque se anuncia unha baixada de ata o 40% (non da Deputación) e non saben como van seguir tendo o persoal necesario (técnicos e asistentes a domicilio) para presta-lo servizo. Reitera a abstención do seu grupo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, con respecto ó dos santos, manifesta que foi unha ironía e nese sentido ía a súa alusión. Pide que se baixen os niveis de crispación, que non están aquí para iso. En canto ó Sr. Rodríguez Puga dille que el en ningún momento falou do *y tu más*. Parece que ás veces estamos desconectados cos compañeiros dos distintos concellos, porque o ano pasado e con respecto ó tema que nos ocupa, non se recibiu ningunha reclamación de ningún concello e iso sería ou ben porque non se informaron ou ben porque lles pareceron ben.

Intervén ó **Sr. presidente**, e en relación ó que se dixo de que esta é unha competencia da Xunta de Galicia, quere que quede claro que isto é consecuencia dun Decreto autonómico de 2012, pero que deriva da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, aprobada en tempos do goberno bipartito, que no seu artigo 63 lles atribuíu estas competencias ás deputacións provinciais. As bases son obxectivas e esta Deputación é a primeira de Galicia que vai aprobar un plan como este (tamén o foi o ano pasado).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), o voto en contra dos deputados do BNG (2) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aproba-las bases reguladoras do Programa Provincial de Asistencia Técnica, Económica e Xurídica ós Concellos e Mancomunidades en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2013, co seguinte detalle:

I) Bases xerais:

A) Obxecto e alcance do Programa:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Constitúe o obxecto do Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica ós Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2013 o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ó abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cínquese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica ós concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais con menos de 20.000 habitantes, ó tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

O presente Programa Provincial desenvolve especificamente as actuacións I e II do Plan BenOurense de Servizos Sociais, con incidencia ademais na actuación V do dito plan estratéxico, desenvolvendo de xeito detallado e operativo as súas previsións xerais.

Máis en concreto, e tendo en conta especificamente o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa estrutúrase en tres accións:

1ª) Acción 1: asistencia económica, co obxecto de garantírlle-lo financiamento ós concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto.

2ª) Acción 2: asistencia económica co obxecto de garantírlle-lo financiamento do servizo de axuda no fogar básico ós concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes.

3ª) Acción 3: asistencia técnica e xurídica, complementaria da asistencia económica, cos obxectivos seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

a) A Deputación de Ourense mediante persoal dependente da Institución coordinará e apoiará a cobertura técnica de profesionais dos servizos sociais comunitarios nas entidades locais correspondentes a áreas rurais de alta dispersión.

b) Cubrir eventuais carencias dos servizos municipais e, ó mesmo tempo, senta-las bases dunha rede provincial de recursos complementarios dos municipais que incrementen o nivel de cobertura das necesidades específicas que son obxecto dos servizos sociais comunitarios, particularmente as que leven consigo unha especial complexidade técnica ou xurídica.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades:

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifesta expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa. Coa dita resolución, achegarase unha ficha informativa cos datos referidos ós servizos sociais municipais, conforme co modelo que aprobe a Presidencia da Deputación e que se lles fará chegar oportunamente ás entidades locais interesadas. A resolución da Presidencia que estableza o modelo de adhesión e a ficha informativa poderá, ademais, establecer como obrigatoria a súa presentación con carácter telemático.

A comunicación da adhesión deberá remitírselle á Deputación Provincial por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común antes do 1 de marzo de 2013. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión con selo de rexistro ou imposición do envío de data posterior ó 1 de marzo de 2013.

Non obstante o anterior, e para o suposto de que a Presidencia estableza como obrigatoria a comunicación telemática da adhesión, esta deberá realizarse a través do rexistro electrónico de entrada da Deputación Provincial, nos mesmos prazos que se indicaron.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

Mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ó establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán o importe do cofinanciamento destinado ó servizo de axuda no fogar das entidades adheridas, distribuíndose o remanente entre as entidades locais adheridas repartíndose entre elas conforme o criterio establecido na regra de distribución da base III.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Pagamento e xustificación.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose ó pagamento nos seguintes termos:

- Antes do 20 de marzo de 2013, a Deputación procederá a libra-lo 50% da cuarta parte da subvención prevista para cada concello.*
- En data 31 de marzo de 2013 os concellos beneficiarios deberán remitir certificación dos gastos executados con cargo ó 50% anticipado.*
- O pagamento anticipado do 50% correspondente ós restantes trimestres realizarase pola Deputación Provincial no primeiro mes de cada trimestre, sempre e cando se teña presentada a certificación do trimestre anterior. En caso de que non se presentase a dita certificación non se realizará o pagamento anticipado. A xustificación dos pagamentos anticipados correspondentes ó 2º, 3º e 4º trimestres deberán presentarse ata o 30 de xuño, o 30 de setembro e o 30 de decembro do exercicio.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Unha vez xustificado trimestralmente os gastos correspondente o 50% anticipado, as entidades locais poderán solicitar un reembolso do cofinanciamento en razón dos gastos que vaian executando. As certificacións de gastos deberán recoller un importe mínimo do 15% do cofinanciamento aprobado.

Antes do 30 de xaneiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán presenta-la xustificación da subvención, integrada pola seguinte documentación:

- Certificación do interventor ou secretario – interventor da entidade, na que se xustifique a realización dos gastos obxecto da subvención. A certificación axustarase ó modelo que se estableza pola Presidencia da Deputación, que se lles remitirá oportunamente ás entidades beneficiarias.

- Memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados. Irá asinada polo coordinador dos servizos sociais comunitarios do concello, e axustarase ó modelo que se estableza pola Presidencia da Deputación, que se lles remitirá oportunamente ás entidades beneficiarias.

A Presidencia poderá establecer a obrigatoriedade da remisión da documentación xustificativa mediante medios telemáticos.

O prazo de presentación da xustificación terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 30 de xaneiro de 2014, e poderá concederse, sempre que se aprecie a concorrencia de causa xustificativa, como máximo ata o 1 de marzo de 2015. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

A Deputación librará a porcentaxe restante da subvención no prazo máximo dun mes dende a presentación da xustificación, sempre que esta se axuste ó establecido no presente Programa. En caso de que a xustificación fose incorrecta ou insuficiente, procederase á incoación do correspondente procedemento de reintegro e perda de dereito ó cobro da subvención.

E) Control financeiro das subvencións de asistencia económica.

Sen prexuízo do establecido na base anterior, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas á posibilidade de realización de controis financeiros por parte da Intervención da Deputación ó longo do exercicio 2014. Os controis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

financeiros terán carácter aleatorio, determinándose as entidades locais que se suxeitarán a este mediante sorteo que se realizará en acto público na Deputación Provincial, cuxa celebración se lles comunicará oportunamente mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A realización do control financeiro levarase a cabo pola Intervención provincial conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ó seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

F) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ós controis financeiros de carácter aleatorio previstos na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ó presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles ós servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ó funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ó seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, previa a tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, para elo se lles farán chegar as normas de información e publicidade que deberán observar aquelas entidades que se adhiran a este programa.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación de profesionais titulados dos servizos sociais comunitarios que integren a unidade técnica mínima establecida conforme coas características sociais, territoriais e demográficas de cada municipio no Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

De conformidade co establecido no Anexo II do dito Decreto, en relación cos artigos 33, 34 e 35, as unidades técnicas clasifícanse en Unidades de Traballo Social (UTS) Unidades de Traballo e Educación Social (UTES) e Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación dos profesionais titulados das unidades técnicas de referencia das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, para o persoal técnico mínimo establecido no Anexo II da dita norma autonómica:

a) Entidades locais de áreas rurais de 5000 ata 12000 habitantes: 1 educador social por entidade.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes: 1 educador social e 1 titulado superior ou en posesión de grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios.

O importe da subvención por profesional será equivalente ó módulo económico establecido no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, sendo o seguinte:

- Por cada educador social (UTES e UNIS): 15.013 euros.

- Por cada titulado superior ou en posesión de grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios (UNIS): 18.043 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

III. Bases relativas á Acción 2: Asistencia económica para o Servizo de Axuda no Fogar Básico.

En virtude desta acción, a Deputación Provincial subvencionará a prestación no exercicio 2012 do servizo de axuda no fogar básico polos concellos ou mancomunidades de menos de 20.000 habitantes, tanto nos supostos en que sexa prestado por xestión directa ou por xestión indirecta.

Para estes efectos, considérase SAF básico aquel cuxos usuarios non teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes e accedan ó servizo en réxime de libre concorrència.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

O importe da subvención por entidade local determínase pola aplicación das seguintes regras:

1) A contía inicial da subvención establécese por aplicación da ratio de cobertura por habitante recollida no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividir o crédito orzamentario dispoñible entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte cadro:

Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o servizo de axuda no fogar sexa prestado por mancomunidades a contía será o resultado de suma-las cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo II do presente Programa.

IV. Bases relativas á Acción 3: Asistencia técnica e xurídica ós servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados públicos ó servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia do Servizo de Fomento de Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais e realizarán labores de coordinación e apoio ia ós equipos municipais e mancomunais, comprendendo as seguintes prestacións:

a) Asistencia técnica precisa para garanti-la prestación de servizos por profesionais dos servizos sociais comunitarios nas entidades locais correspondentes a áreas rurais de alta dispersión (garantindo un educador social por área nas entidades de 2000 a 5000 habitantes e a súa presenza periódica nas entidades locais de menos de 2000).

b) Cubrir eventuais carencias ou insuficiencias dos servizos municipais e, ó mesmo tempo, senta-las bases dunha rede provincial de recursos complementarios dos municipais que incrementen o nivel de cobertura das necesidades específicas que son obxecto dos servizos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

sociais comunitarios, particularmente as que leven consigo unha especial complexidade técnica, incluíndo:

- *Prestación de asistencia técnica e xurídica no eido de actuación dos equipos municipais, en particular en casos que presenten una problemática especial.*

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación tódolos custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, no suposto do apartado b) a prestación non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica comprendidas no apartado a) planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención as demandas e necesidades.. En todo caso, esta prestación terá carácter prioritario respecto da comprendida no apartado b).

As prestacións de asistencia técnica comprendidas no apartado b) levaranse a cabo trala solicitude previa motivada da entidade local interesada. Esta solicitude deberá remitírselle por escrito ó Servizo de Fomento de Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais da Deputación, entendéndose automaticamente concedida se non é obxecto de denegación no prazo de sete días naturais dende a súa recepción.

2º) Ordena-la publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial, para xeral coñecemento.

ANEXO I:

CORPORACIÓN LOCAL PRESTADORA DE SSCM	UNIDADE TÉCNICA		TITULADOS MEDIOS. EDUCADORES SOCIAIS.	COFINANCIAMENTO	TITULADOS SUPERIORES	COFINANCIAMENTO	TOTAL POR ENTIDADE SUBVENC.
Allariz	UTES	RURAL 28	1,0	15013			15.013 €
Barbadás	UTES	SEMIURBAN A	1,0	15013			15.013 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	RURAL 31	1,0	15013	1,0	18.043,00	33.056 €
Carballiño, O	UNIS	RURAL 25	1,0	15013	1,0	18.043,00	33.056 €
Manc. de Verín	UTES	RURAL 30	1,0	15013			15.013 €
Manc. do	UTES	RURAL 25	1,0	15013			15.013 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Carballiño							
Manc. do Ribeiro	UTES	RURAL 26	1,0	15013			15.013 €
Manc. Santa Águeda	UTES	RURAL 24	1,0	15013			15.013 €
Manc. Terras de Celanova	UNIS	RURAL 27	1,0	15013	1,0	18.043,00	33.056 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	RURAL 24	1,0	15013			150.13 €
Ribadavia	UTES	RURAL 26	1,0	15013			15.013 €
Verín	UNIS	RURAL 30	1,0	15013	1,0	18.043,00	33.056 €
Xinzo de Limia	UTES	RURAL 29	1,0	15013			15.013 €

ANEXO II:

CONCELLO	ASIGNACIÓN 2013 (€)
1 Allariz	14.560,93
2 Amoeiro	5.474,47
3 Arnoia, A	2.525,75
4 Avión	5.786,86
5 Baltar	2.585,83
6 Bande	10.979,37
7 Baños de Molgas	4.263,26
8 Barbadás	12.092,85
9 Barco de Valdeorras, O	32.290,22
10 Beade	1.201,59
11 Beariz	2.895,84
12 Blancos, Os	2.340,71
13 Boborás	6.877,93
14 Bola, A	3.359,66
15 Bolo, O	2.605,06
16 Calvos de Randín	2.556,99
17 Carballeda de Avia	3.573,54
18 Carballeda de Valdeorras	4.260,86
19 Carballiño, O	32.616,57
20 Cartelle	7.601,29
21 Castro de Miño	4.215,20
22 Castro do Val	2.809,33
23 Castro Caldelas	8.332,66
24 Celanova	13.960,13
25 Cenlle	3.198,65
26 Chandrexa de Queixa	3.285,96
27 Coles	7.728,66
28 Cortegada	3.068,87
29 Cualedro	4.623,74
30 Entrimo	7.799,95
31 Esgos	2.835,76
32 Gomesende	2.196,52
33 Gudiña, A	8.444,81
34 Irixo, O	4.058,99
35 Larouco	1.338,58
36 Laza	3.703,32
37 Leiro	4.236,82
38 Lobeira	5.097,17
39 Lobios	12.196,19
40 Maceda	7.478,73

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

41	Manzaneda	5.613,05
42	Maside	7.135,07
43	Melón	3.554,32
44	Merca, A	5.279,81
45	Mezquita, A	7.312,11
46	Montederramo	5.013,05
47	Monterrei	7.026,93
48	Muíños	9.975,64
49	Nogueira de Ramuín	5.613,85
50	Oímbra	4.955,38
51	Paderne de Allariz	3.782,62
52	Padrenda	5.392,76
53	Parada de Sil	3.633,62
54	Pereiro de Aguiar	15.154,52
55	Peroxa, A	5.010,65
56	Petín	2.359,93
57	Piñor	3.177,02
58	Pobra de Trives, A	13.390,57
59	Pontedeiva	1.571,69
60	Porqueira	2.415,21
61	Punxín	1.924,96
62	Quintela de Leirado	1.720,68
63	Rairiz de Veiga	3.768,20
64	Ramirás	4.354,58
65	Ribadavia	12.782,57
66	Riós	4.332,95
67	Rúa, A	11.282,98
68	Rubiá	3.741,77
69	San Amaro	2.972,75
70	San Cibrao das Viñas	5.701,57
71	San Cristovo de Cea	6.152,17
72	San Xoán de Río	3.841,10
73	Sandiás	3.225,08
74	Sarreaus	3.383,69
75	Taboadela	3.946,04
76	Teixeira, A	2.327,09
77	Toén	3.084,49
79	Trasmiras	3.686,49
80	Veiga, A	2.489,70
81	Verea	2.763,67
82	Verín	33.392,08
83	Viana do Bolo	17.831,67
84	Vilamarín	5.092,36
85	Vilamartín de Valdeorras	4.777,54
86	Vilar de Barrio	3.777,81
87	Vilar de Santos	2.215,74
88	Vilardevós	5.121,20
89	Vilariño de Conso	3.543,90
90	Xinzo de Limia	24.892,24
91	Xunqueira de Ambía	3.962,86
92	Xunqueira de Espadanedo	2.143,65

3º.- MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN COA QUERELA PRESENTADA POLA FISCALÍA CONTRA O EXPRESIDENTE DA DEPUTACIÓN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que a Constitución española dispón que a administración serve con obxectividade os intereses xerais no seu artigo 103.1 e que a lei regulará as garantías para a imparcialidade das autoridades e funcionarios públicos no exercicio das súas funcións no artigo 103.3. O significado dos termos imparcialidade e obxectividade non é de todo pacífico na doutrina. Hai quen considera que ámbolos dous son aspectos ou manifestacións do mesmo principio e hai quen estima que entre os dous existen concomitancias e diferenzas. Segundo algunhas opinións, a obriga de absterse fundaméntase no principio de imparcialidade, segundo outras no de obxectividade e para un terceiro grupo en ámbolos dous. Ó xuízo do BNG, a obriga de absterse establécese principalmente para garantir que os servizos públicos actúen imparcial e obxectivamente ó servizo dos intereses xerais, é dicir, para que as decisións administrativas sexan realmente as máis convenientes para os ditos intereses. A obriga de absterse non só leva consigo vantaxes senón que pode producir inconvenientes, xa que supón unha excepción singular das regras ordinarias de intervención no procedemento de autoridades e persoal ó servizo da administración. Cabe, pois, que os valores como democracia e eficacia padezan coa abstención de catorce deputados, dos quince que compoñen o grupo de goberno, e que podería determinar incluso a falta de quorum para adoptar un determinado acordo. Pero esa cuestión concreta non pode obviar que ademais das obrigas legais haxa obrigas morais, que deberían ser tanto ou máis importantes e que ben seguro evitarían chegar á situación esperpéntica á que se chegou no pleno anterior. Non van pedi-la recusación administrativa do grupo de goberno, senón que van pedi-la súa recusación política, porque durante todos estes anos foron coniventes e cómplices, por activa e por pasiva, cunha forma deplorable de facer política. Tampouco lle van pedir un informe ó secretario da Deputación, o cal non estaría en disposición de poder darllo, por canto ter participado no procedemento como testemuña, caso que sería tamén un motivo de abstención. O pasado venres o grupo de goberno tivo a oportunidade de comportarse como un goberno que se acredite na transparencia e na democracia coa creación dunha comisión de investigación que botase luz sobre os máis de vinte anos de políticas clienterales, e desbotárona utilizando o rolo da maioría. Pero iso non foi o peor, senón que a falta de argumento foi substituída pola ameaza como recurso para contraatacar á oposición. O Sr. presidente dixo no pasado pleno que emprenderá accións legais, tanto penais como civís (ou as dúas xuntas) contra aqueles que atenten contra a honorabilidade e a integridade da institución. El, que é novato en moitas cousas e non goberna en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

ningún lado, pensaba que a integridade e a honorabilidade lles pertencía ás persoas e non ás institucións, pero, ó parecer, agora está equivocado. Pregúntase cantas accións legais debería emprende-la cidadanía desta provincia, que viu como durante máis de vinte anos fomos sistematicamente obxecto de burlas e mofas polas novas que un día si e outro tamén transcendían á opinión pública, provocando vergonza allea nos cidadáns cando se escoitaban detalles sobre as múltiples contratacións efectuadas nesta institución. Isto si que é manchar e degrada-lo bo nome da institución, e non a expresión de opinións ou valoracións políticas, que o único que poñen é o acento sobre cuestións concretas da xestión do presidente e da do seu predecesor, así mesmo avaliadas polo fiscal e o xuíz instrutor. Pon algúns exemplos que figuran nas hemerotecas e que supón que algunhas veces xa se teñen nomeado aquí. Pregunta se lembran o episodio das famosas cadeiras quentes que se ocupaban alternativamente por varias persoas porque non cabían na Deputación de tantas que eran; o episodio dos trinta e tres porteiros/as do Simeón para atender tres portas; no Centro Ecuestre de Xinzo había máis empregados que cabalos (17 empregados para 15 cabalos); ou episodios máis recentes como a investigación da OLAF por presunto fraude nas axudas. A querela é produto dunha denuncia que pon o foco sobre as contratacións realizadas polo Sr. Baltar nun determinado momento, coincidente no tempo co congreso onde se elixiu o actual presidente. Para o BNG iso é unha anécdota se o comparan cos máis de vinte anos do seu predecesor e o ano escaso que leva o Sr. presidente e que ten que ver coa política practicada nesta institución, que se xestiona como se se tratase dun predio particular. O *baltarismo* supuxo, e segue a supoñe-la peor maneira de entende-la política que é a que se sustenta nun principio fundamental do poder ó prezo que sexa e a custa de quen sexa. Un principio que el cualificaría de cruel, que se basea en xerar necesidades para aproveitarse delas. Un principio que consiste en alimentarse do sufrimento e da necesidade da cidadanía. Unha institución que, nas mans do Partido Popular, adquire a súa verdadeira razón de ser e de existir: unha máquina que destina gran parte do diñeiro público ó servizo do partido a través dunha rede clientelar de enormes proporcións. De aí que, como ten defendido o BNG desde sempre, sexa necesario suprimir estes entes que fagocitan inxentes cantidades de diñeiro, sen que iso reverta no benestar e na maior calidade de vida dos veciños e veciñas da provincia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que o Sr. presidente dixo que era unha inxustiza o que se estaba a facer cos traballadores desta institución e pensa que si é inxusto, porque estar en boca de toda a cidadanía é inxusto, pero quen se encargou de que isto fose así foron os señores do grupo de goberno do Partido Popular. Xa dixo que non existe ningunha lei da función pública que sosteña que a maioría das persoas contratadas na Deputación teñan que ser persoas vinculadas ó Partido Popular. Facendo referencia ás declaracións que facía un destes días un deputado do grupo de goberno, di que tamén lle ten que da-la razón en parte. Cre que ningunha persoa vinculada a ningún partido político, ou que teña relación de parentesco ou afinidade, teña que ser vetada en ningunha administración pública, porque teñen os mesmos dereitos que os demais cidadáns, pero os funcionarios e os traballadores teñen que ser seleccionados polos principios de mérito, capacidade e igualdade. Ser familiar, militante ou membro activo do Partido Popular non debe ser un obstáculo, pero o que non debe ser é un mérito engadido, ou en moitos casos o único mérito. Isto mesmo dino algúns dos traballadores que se senten ofendidos. Aínda que cheguen ameazas de que se vai defende-la honra desta institución e dos seus traballadores, pregunta se alguén do grupo de goberno pode desmenti-lo que está a saír nos medios de comunicación, ou dicir se é mentira o que di desde hai tempo o Grupo Socialista sobre as vinculacións co PP. Cre que, se isto non se pode desmentir, os únicos responsables da imaxe nefasta desta casa son os membros do grupo de goberno. Non poden culpar a quen fai o seu labor e a quen exerce o seu dereito fundamental denunciando unhas prácticas que, como mínimo, están en interdicto. Están en cuestión no só porque houbo unha denuncia pública, senón porque agora un fiscal e un xuíz entenderon, cando menos, que hai indicios de supostas ilegalidades en cento catro contratacións de persoal. A moción fala de responsabilidades políticas, que deben ser asumidas por persoas que si están deixando a imaxe desta institución polo chan. O responsable é o grupo de goberno xa que o anterior presidente non actuou só e deberían te-la valentía de responder politicamente ante a sociedade, polo que, independentemente de que a xustiza ditamine, é un clamor na rúa o que acontece nesta casa. Esta forma de goberno hai que mudala, e se non a muda o grupo de goberno ou un xuíz, tarde ou cedo o farán os cidadáns, pois a situación da cidadanía nestes momentos de graves necesidades, fará que non sexan “permissivos” con este tipo de condutas. Anuncia o apoio á moción do BNG, porque cren que é responsabilidade do PSOE (que foi quen denunciou esta situación), e están convencidos de que, independentemente de que os contratos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

que se fixeran ó longo destes anos tivesen o envolvimento de legalidade, hai un aspecto que é que nunha sociedade plural como na que vivimos a única singularidade que hai nesta Deputación é que está chea de cargos públicos, militantes, familiares, etcétera, do Partido Popular. Isto é unha irresponsabilidade e non se vai calar utilizando o ventilador e denunciando non sabe que cousas ou indignándose coa oposición. O Grupo Socialista vai de fronte e é adversario político do grupo de goberno, pero hai inimigos políticos que son do mesmo partido que o grupo de goberno e eses son os que non lle van permitir seguir aquí, porque xa non lles interesan e pensan que se está dando unha mala imaxe. O Sr. presidente dicía que os deputados teñen o deber de defender a esta institución e iso é o que está a face-lo Grupo Socialista, defendela, e intentar que sexa unha institución seria e moderna, e traballar para que nun futuro non teñamos que convertela nun museo do caciquismo onde se fagan visitas guiadas dunhas prácticas do século XIX, iso si, como lle gusta ó Sr. presidente, en *power point* e con avances tecnolóxicos, pero os avances teñen que ir unidos a un cambio de política e de políticos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que isto ven ser máis do mesmo. Sen ironía e con sosego di que os membros do Grupo Popular non están aquí para facerlles seguidismo ó BNG nin ó Grupo Socialista, nin queren entrar nesta espiral de ocorrencias máis ou menos apetitosas para os medios de comunicación. A cidadanía de Ourense non os puxo aquí para estas ocorrencias, senón que os puxeron para outras cousas. Eses formalismos serven para o que serven, e pregúntase se non será que a oposición quere tapar algunhas cousas ou se con esta actitude quere despistar para que ninguén se dea conta de que non teñen propostas serias para esta provincia, porque só se dedican a criticar. Dille á oposición que non esquezan que o oportunismo político e a demagogia teñen un recorrido sempre efémero e con determinadas consecuencias, das que ten sobrada experiencia o BNG. O Grupo Popular está no goberno porque así o decidiron os cidadáns unha e outra vez e agora o portavoz socialista xa aventura que non vai ser así. Nos últimos vinte anos os cidadáns desta provincia tiveron distintas oportunidades para cambia-los equipos de goberno desta institución, pero non o fixeron. Tampouco o fixeron co Sr. Baltar Pumar, do que lembra gañou tódolos procesos electorais por folgada maioría, nos que participaba directamente ou indirectamente. O mandato que lles deu a cidadanía desta provincia, á que representan, non é para enredar senón que é para respectalos e para face-lo que hai que facer responsablemente por mellora-las infraestruturas e os servizos da provincia. Non están aquí para estes enredos oportunistas e de reclamo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

mediático. Quere dicir tamén que non se avergonzan de ningunha actuación do Sr. Baltar Pumar e son copartícipes de todo o que fixo, igual que de todo o que se fai nesta casa, antes e agora, e quen non se avergonzou nunca foron os cidadáns desta provincia, porque hai máis deputados do Partido Popular que na lexislatura anterior e pregúntase se é que os cidadáns de Ourense (á parte dos do PP que, segundo a oposición, xa son parvos por natureza) son tan parvos que votan sempre ó Partido Popular maioritariamente. O BNG pide a dimisión de todos e agora incluso meten no saco ó Sr. secretario, non sabe se será porque esa é única forma que terían eles de gobernar, porque de núcleos duros e coroneis saben máis que eles, pero o resultado non foi bo. Reitera que non queren entrar nesa espiral ou competición de ocorrencias que teñen os dous grupos da oposición para ver quen sae máis nos medios de comunicación coa máis simpática. Seguramente agora tamén lle dirán que non poden votar esta moción porque son interesados e pregúntase se os deputados da oposición poden votar esta proposta, porque nunha interpretación extensiva e estrita do artigo 28 da Lei de procedemento administrativo, salta á vista que hai unha inimidade manifesta cara á persoa da que se fala, e o Grupo Socialista debería absterse de votar isto e sobre o asunto do outro pleno, porque teñen sobre a mesa unha cuestión litixiosa que presentaron como grupo. Pregúntalles ós portavoces dos grupos da oposición se hai esa coparticipación á que se refiren, dos do núcleo duro (no que inclúen ó portavoz popular) e teñen que dimitir (ou o Pleno os ten que instar a dimitir), por qué cando imputaron a aquel insigne (no bo sentido da palabra) conselleiro de industria no goberno bipartito, don Fernando Blanco, non pediron a dimisión inmediata do Sr. Quintana e do Sr. Suárez Canal porque tamén serían copartícipes daquela parte de goberno. Máis recentemente, cando houbo imputacións de determinadas persoas no concello desta cidade, tampouco se pediu ningunha dimisión. Pregúntase se a coparticipación é distinta no goberno da Deputación que na do goberno de Ourense ou no da Xunta. Pide respecto á cidadanía de Ourense xa que non están aquí para enredos, e anuncia que o seu grupo vai votar en contra da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que eles non van calar, porque veñen denunciando isto ó longo de anos e o único que fan é constatar feitos. Con respecto á inimidade manifesta, di que el non ten ningún tipo de inimidade manifesta con ningún deputado. Ó BNG os cidadáns dixéronlle que teñen que facer oposición, e isto é o que fai o BNG, e non vai calar para facer amigos, que ese non é o seu labor. En canto ás manifestacións sobre o conselleiro do bipartito, pregúntalle ó portavoz popular se el lle conta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

toda a súa vida ós compañeiros de partido, para que teñan coñecemento de todo o que fai ou deixa de facer, e daquela o conselleiro dimitiu. Se miramos a lista de imputados que hai, o BNG ten tres que dimitiron fulminantemente, e ó mellor algún sen ningún motivo; en cambio ós populares a dimisión hai que arrincarlla (vulgarmente falando) cunha pata de cabra (por exemplo a Alcaldía de Santiago). O BNG está constatando feitos, hai unha denuncia dun xuíz ademais da constatación dun feito coñecido por todo o mundo, que cuestiona a forma de facer política nesta Deputación. Esta denuncia é unha labazada ós excesos e abusos cometidos nesta institución, un torpedo na liña de flotación a un partido que se beneficiou, e segue a beneficiarse, dun xeito lamentable de entender e practica-la política. Ese mesmo partido que, por certo, agora aproveita a conxuntura para axustar contas co grupo de goberno, porque xa non son imprescindibles numericamente como noutros momentos, nos que a través da chantaxe (episodio do piso, no que andaba medito o actual presidente da Deputación) conseguiron os seus obxectivos como grupo de presión. Os mesmos que xustificaron os mil e un atropelos que se cometeron nesta provincia e se valeron das súas prácticas caciquís e clientelares para perpetuarse no poder e agora de xeito cínico, Feijóo limitase a desexarlle a Baltar toda a sorte posible. Teñen que dicir con rotundidade que o *baltarismo* non desapareceu coa marcha do seu inventor, senón que segue máis vivo que nunca, iso si, con outras formas, pero segue a ser un instrumento clientelar e útil nas mans do grupo de goberno e do Partido Popular. Abonda ver como e de que xeito se ven de levar a cabo a contratación de 133 persoas, coa conivencia da Xunta, vulnerando todos e cada un dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade, así como o de publicidade, por certo, denuncia feita polo BNG no pasado debate dos orzamentos, e a xulgar polo que aparece hoxe nos medios bota algo de sombra ó proceso. Ó portavoz popular gústalle moito o pasado e dar consellos e pídelles que prepare obxectivos e que lles empece a dar consellos ós seus, porque xa sabemos o que pasa cando vemos corta-la barba do veciño.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di cada un é escravo das súas propias verbas, e o portavoz popular moitas veces di que se mesturan allos con bugallos (di isto porque non sabe moi ben a que refería na súa intervención) pregúntase se a intervención do portavoz popular se refería ó asunto que estamos a tratar e ó que realmente acontece nesta Deputación, que é que estamos nun proceso por cento catro contratacións irregulares. Non lles vai valer face-lo efecto ventilador e intentar desvia-la atención por outros asuntos, e o que teñen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

que facer é centrarse no que se está a debater. No se pode dicir que a oposición é a que quere saír ós medios, porque os asuntos nos medios saen sos, como saíu hoxe unha noticia de alguén contratado nesta Deputación, que se aproveitou dunha situación e agora fixo o que fixo. Agora a xente sorpréndese porque saen as noticias, pero é que esa era a realidade desta Deputación. O grupo de goberno ten que ser responsable e non botarlle as culpas a quen non as ten. Xa ten dito noutras ocasións que os votos non amparan todo, e, ó mellor, a consecuencia de que o Partido Popular governe esta Deputación son as oito mil contratacións que se fixeron durante vinte e pico anos, porque estamos a falar de contratos concatenados. Os cidadáns empezan a ve-las prácticas que se utilizan, e ó mellor o mérito é do Grupo Socialista porque incrementou o número de deputados provinciais. No xoga a ser *pitoniso*, só di o que pode acontecer porque a xente está espertando. A intención do Grupo Socialista é denunciar sistematicamente o que fai mal o grupo de goberno, porque é a súa obriga, e para iso os puxeron aí os cidadáns que non cren no grupo de goberno. O Sr. Álvarez Dobaño non lles pode chamar ocorrencias a temas que están amparados na lei, e para el ocorrencia é dicir que o seu grupo ten inimidade manifesta, cando non teñen inimidade con ningún deputado do grupo de goberno. Non veñen aquí a discutir co Sr. Álvarez Dobaño ou co Sr. Baltar Blanco como persoas, senón que veñen discutir cos deputados do Partido Popular. Isto é igual que dicirlle a un avogado que presenta querelas que ten inimidade manifesta con tódalas persoas ás que lles presenta as querelas. As ocorrencias están na bancada da fronte, porque non hai forma de desmonta-lo que di o Grupo Socialista, xa que non hai ninguén desa bancada, independentemente do que diga a vía xudicial, que poida desmenti-las manifestacións do seu grupo e dicir que é mentira que hai unha cantidade inxente de persoas vinculadas ó Partido Popular nesta Deputación (abondaría con ve-la RPT) e xa cada un terá que demostrar unha cousa ou outra (ó mellor algún di que non coñece nin a súa familia).

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que el non mesturou allos con bugallos, senón que está defendendo a postura do Grupo Popular en relación cunha moción que presenta o BNG e o que non falou para nada da moción foi o Sr. Gómez Pérez senón que volveu a mesma cantilena de sempre. Manifesta que el non lle dixo a ninguén que tiña que calar e cada un ten que defende-lo queira cando queira, que para iso están lexitimados, pero el tamén está lexitimado para poñer exemplos paralelos onde a oposición ten distintos criterios. A oposición xa ditou sentenza e, sen estar aínda imputado, xa condenaron ó Sr. Baltar. Pídelles que no boten as campás ó voo, porque xa lles pasou o mesmo co fiscal anticorrupción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Con respecto ó persoal, lembra que durante vinte e tantos anos só se presentou un recurso nesta Deputación contra unha oposición, cuxo motivo foi darlles a tódolos opositores, e de mutuo acordo con eles, dez ou quince minutos máis para resolver unha proba. En canto á lista de nomes que publicou a oposición, manifesta que moita xente desa lista publicada xa estaba traballando na Deputación cando chegou o Sr. Baltar e a oposición di que son enchufados del, igual que sae o nome dun concelleiro que nunca traballou nesta casa. Agora falan de oito mil enchufados, e supón que meterían algunha empresa máis polo medio, porque con pouco respecto para determinadas empresas as puxeron ó servizo do Sr. Baltar, como cunha empresa que o buque insigne desta provincia. En canto á comisión mixta que seleccionou ó persoal para servizos sociais, di que é a mesma que a oposición utiliza onde gobernan cando se tramita un obradoiro de emprego. Reitera que a oposición xa ditou sentenza e dilles que teñan coidado por se se volveron trabucar e pídelles que deixen actuar á xustiza, que imputará ou non ó Sr. Baltar, cousa que non quere dicir que xa estea condenado.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, quere puntualizar que o mal que lle poida desexar el ó Sr. Baltar que lle veña a el, pero en todo caso, admitir a trámite unha querela por un xuíz é imputar, ou iso lle responderon a el a unha pregunta realizada. Durante todos estes anos conviviron varios elementos necesarios para este cocktail: un primeiro elemento, a existencia dunha procesión de caladiños agradecidos, que nunca se atreveron a cuestiona-lo que se facía, porque lles ía ben e se beneficiaban desta situación persoalmente, e un armazón político-institucional, que soborda á propia Deputación, que nas mans do Partido Popular, adquire a súa verdadeira razón de ser e de existir: a utilización das institucións, ben sexan as deputacións, as mancomunidades ou os concellos, ó servizo do partido, para tecer unha rede clientelar de enormes proporcións, que permitiu proceso electoral tras proceso electoral cimenta-las distintas maiorías do Partido Popular, maiorías das que se xactan e que foron logradas, en moitos casos, a conta de cartos públicos e de aproveitarse de necesidades. Por iso, e á marxe das responsabilidades xudiciais que puidera haber, o BNG entende que hai unha evidente responsabilidade política, por cooperación necesaria e conivencia. É certo que en política as decisións rara vez son unipersoais, e polo tanto entenden que á marxe da querela presentada contra o expresidente da Deputación, hai unha evidente responsabilidade política solidaria, por complicidade, da que son responsables tódolos deputados/as que formaron parte do Grupo Popular. Son conscientes da imposibilidade de que dimitan tódolos deputados/as do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Partido Popular que formaron parte do grupo de goberno no pasado, pero entenden que, por hixiene democrática, as persoas que estiveron nese núcleo e que hoxe continúan nesta corporación non deberían permanecer un minuto máis no desempeño da súa función e mira á cara a tódolos que se sintan aludidos. Por todo o anterior, solicitan que o pleno da corporación inste a dimisión de tódolos deputados do Partido Popular que hoxe forman parte da corporación provincial, e que no pasado pertenceron á Xunta de Goberno.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que lle alegra especialmente que o Sr. Rodríguez Puga, como representante do BNG, na súa primeira intervención invocase á Constitución española, xa que estaban en contra da Constitución e en contra das provincias, en contra das deputacións.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, que obtén o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que queda rexeitada.

4º.- DENUNCIA DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DE COLABORACIÓN NA CREACIÓN DA ESCOLA DE ARTES APLICADAS E OFICIOS ARTÍSTICOS ANTONIO FAILDE DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D.^a Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, quere facer un par de reflexións a respecto deste punto da orde do día. Ó Grupo Socialista desta Deputación cualifica este tipo de recorte como de pobreza intelectual. Amparándose baixo o paraugas de reduci-lo gasto público, esta provincia vaise converter nun parque natural, porque non vai quedar ningunha persoa nela. Coa política do Partido Popular o único que se fai é expulsar ós mozos da provincia, que terán que busca-lo seu futuro laboral fóra de Ourense, iso si, teñen mellor sorte os seus fillos e as súas fillas, porque teñen o seu futuro asegurado, grazas a esta política de contratación masiva e caciquil que practica o Grupo Popular. Por parte da Deputación estase a denuncia-la asunción da obriga de dotar ó seu cargo o persoal non docente necesario para o centro Antonio Failde, máis concretamente o que se pretende é suprimir unha praza de ordenanza. Quere facer unha reflexión en voz alta, que é que ó mellor é unha desgraza para este traballador que non ten

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

vinculación familiar nin política con esta casa. Parécelles unha grosería abandonar á cidadanía á súa sorte mentres o Grupo Popular segue aproveitándose do esforzo de todas e de todos. O Grupo Socialista vaise abster, posto que non lle parece urxente esta medida e non beneficia para nada á sociedade ourensá.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que, segundo a Sra. Vázquez Blanco, acabamos de descubrir un non enchufado. Desde hai anos vense reivindicando que a Deputación se tiña que desfacer das competencias que lle son impropias, e máis nestes tempos, pero, ó parecer, se nos desfacemos delas está mal e se non nos desfacemos tamén está mal. Pregúntalle á Sra. Vázquez Blanco se esta é unha competencia impropia da Deputación e se a ten que asumir quen lle corresponde. Pide que se teña un discurso claro porque doutro xeito os cidadáns perderánlle-lo respecto ós políticos e non creran neles, e el non vai colaborar a que isto sexa así.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, pídlle á Presidencia que lle aclare canto persoal contratado é pagado pola Deputación, está a traballar na Escola, a canto ascende o orzamento destinado para tal fin, e cal é a situación na que queda o persoal, unha vez que a Deputación se desprenda dese compromiso.

O **Sr. presidente** contéstalle ó Sr. Rodríguez Puga que se trata dunha persoa que ten a categoría de ordenanza.

D.^a Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, ratifica o que expuxo na súa primeira quenda de intervención e di que ó grupo de goberno lle importa pouco ir deixando polo camiño competencias impropias, non apoiando a educación e o saber da cidadanía. Admiten como competencia propia enchufar ós familiares e achegados.

O **Sr. presidente** dálle as grazas polas súas achegas e supón que non son a pobreza intelectual que lles atribúe.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, para non entrar en *chascarrillos* con esas ocorrencias que teñen di que o acordo que se vai adoptar hoxe non é para a desaparición da escola, senón que é para que pague a Xunta de Galicia que é a quen lle corresponde pagar. Dille á Sra. Vázquez Blanco que se deixen xa de poñe-la mesma cinta raiada, porque algún día mirarán para a Praza Maior de Ourense e igual se ruboriza.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

deputados presentes do Grupo Popular (14) e do BNG (2) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Denuncia-lo convenio de 1 de outubro de 1986, modificado o 1 de outubro de 1998, suscrito entre a Deputación Provincial de Ourense e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a creación da actual Escola de Artes e Oficios Antonio Failde, co obxecto de que con efectos do 1 de febreiro de 2014 o dito convenio quede extinguido.

5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE SAN AMARO EN MATERIA DE RECADACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acepta-la delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de San Amaro ten atribuídas en materia de recadación do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 27 de decembro de 2012. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

6º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DA POBRA DE TRIVES PARA LIQUIDACIÓN E PAGAMENTO DAS DÉBEDAS EXISTENTES ENTRE ÁMBALAS DÚAS ENTIDADES LOCAIS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aproba-la subscrición do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Pobra de Trives, para a liquidación e pagamento das débedas existentes entre ámbalas dúas entidades locais, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Obxecto e contido.

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a total liquidación e pagamento, durante o seu prazo de vixencia, das débedas existentes entre o Concello de Pobra de Trives e a Deputación Provincial de Ourense a 31 de decembro de 2012, así como o establecemento dos mecanismos de garantía do cumprimento dos prazos de liquidación establecidos.

Na súa virtude, as partes acordan a adopción das seguintes medidas

a) O Concello da Pobra de Trives e a Deputación Provincial de Ourense recoñecen a existencia das seguintes débedas recíprocas a 31 de decembro de 2012, en concepto de débedas líquidas, vencidas e esixibles:

- O Concello da Pobra de Trives adebeda á Deputación a contía de 512.533,51 euros.

- A Deputación Provincial de Ourense adebeda ó concello a contía de 50.479,85 euros.

Os conceptos ós que responden as ditas débedas figuran no informe da Intervención do Concello de Trives de 12 de decembro de 2012, rexistrado de entrada na Deputación con data 17 de decembro e número de rexistro de entrada 31.324, coa salvedade dunha débeda de 32.815,57 euros a favor de Concello de Trives, correspondente á subvención da obra nº 59/2009 do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais de 2009, débeda que ó día da data xa foi extinguida por compensación.

b) Ó abeiro do disposto no artigo 109 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Pobra de Trives e a Deputación Provincial de Ourense acordan, con efecto do día da data, a compensación recíproca das débedas recollidas no apartado anterior, recoñecendo a subsistencia dun saldo acreedor a favor da Deputación por importe de 461.783,66 euros.

c) O pagamento da débeda subsistente do Concello de Trives coa Deputación Provincial levarase a efecto nun prazo máximo de oito anos contados a partir do 1 de febreiro de 2013,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

mediante o aboamento á Deputación dunha cota máxima anual de 61.500 euros durante os primeiros sete anos, e o resto no oitavo ano.

O pagamento verificarase mediante retención efectuada pola Deputación Provincial nos tributos e ingresos de Dereito público cuxa xestión tributaria e recadación se delega na Deputación conforme ó establecido no apartado seguinte e coas condicións sinaladas na cláusula 2ª.

d) Como garantía do cumprimento dos prazos de pagamento establecidos na presente cláusula, o Concello da Pobra de Trives delega na Deputación Provincial de Ourense, con efectos do 1 de xaneiro de 2013, e durante a vixencia do convenio, o exercicio das competencias de xestión tributaria e recadación (tanto en vía voluntaria como executiva) dos seguintes tributos: imposto de bens inmobles, imposto de vehículos de tracción mecánica, imposto de actividades económicas, taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, taxas de abastecemento de auga e saneamento e depuración. Deléganse, igualmente, as competencias de recadación en vía executiva das multas de competencia do concello. As condicións desta delegación detállanse na cláusula 2ª.

SEGUNDA.- Delegación de competencias para a xestión tributaria e recadación da taxa de recollida do lixo, IBI, IAE e IVTM, taxas de abastecemento domiciliario de auga e saneamento e depuración de augas residuais.

1. Deléganse na Deputación Provincial de Ourense as facultades que o Concello da Pobra de Trives ten atribuídas en materia de xestión tributaria nos impostos de bens inmobles (IBI), actividades económicas (IAE), vehículos de tracción mecánica (IVTM), e nas taxas de recollida de lixo, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, e da recadación dos devanditos tributos, así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos, e non prescritas, sobre os ditos tributos, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e o artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen na presente cláusula. Así mesmo, deléganse as competencias de xestión recadatoria en vía executiva das multas e sancións (incluídas as multas coercitivas) de carácter firme impostas polo concello en materias da súa competencia.

2. O contido da delegación é o seguinte:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

2.1. Imposto sobre bens inmobles (IBI):

A Deputación exercerá as facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles (IBI) previstas no artigo 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que abrangerán:

- Concesión e denegación das exencións e bonificacións que procedan.
- Realización de liquidacións para determina-las débedas tributarias.
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios, así como liquidacións por ingresos directos.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais nas liquidacións por ingreso directo.
- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidacións de xuros por demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

Co fin de dotar da necesaria efectividade á xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles, délgase igualmente na Deputación Provincial a facultade para, conforme co previsto no artigo 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establecer acordos ou convenios de colaboración co Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria conducentes á formación do padrón do imposto deste termo municipal e ó ditado dos actos administrativos que motiven a modificación deste conforme se determina no artigo 77 da citada lei, agás que o concello, no acordo de adhesión ó convenio, expresamente exclúa esta delegación.

2.2. Imposto sobre actividades económicas (IAE):

A Deputación Provincial exercerá as facultades de xestión tributaria do imposto sobre actividades económicas (IAE) previstas no artigo 91 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que abarcarán:

- Concesión e denegación de exencións que procedan.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

- Realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias.
- Emisión de instrumentos de cobro de recibos e liquidacións por ingreso directo.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a información e asistencia ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.3. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

- Remisión do Padrón (por única vez) para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación, remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder inicia-la executiva.
- Remitirle á Deputación as altas, transferencias, baixas, cambios de domicilio, e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación do imposto, de que teñan coñecemento. (Datos da Xefatura de Tráfico).
- Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación no imposto, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedi-lo documento acreditativo desta.
- Remiti-las domiciliacións existentes.
- Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable.

b) Facultades de xestión da Deputación:

- Expedición do primeiro recibo no caso de alta de vehículos por matriculación.
- Elaboración de listas, recibos e documentos cobratorios.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais.
- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidación de xuros por demora.
- Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

-Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

Quedan excluídas en todo caso do ámbito da delegación as facultades de concesión e denegación de bonificacións e exencións neste imposto, que serán tramitadas polo Concello.

2.4. Taxas de recollida de lixo, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais:

A delegación da xestión destes tributos desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

-Remisión dos padróns (por única vez) para os efectos de proceder á súa información pola Deputación remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder iniciar-la executiva.

-Remitirle á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.

-Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedir-lo documento acreditativo desta.

-Remiti-las domiciliacións existentes.

-Remiti-las Ordenanzas Fiscais aplicables.

b) Facultades de xestión da Deputación:

-Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.

-Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.

-Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo individuais.

-Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.

-Liquidación de xuros por demora.

-Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.

-Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.

-Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.5. Taxa de subministración de auga potable:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

- Remisión do Padrón anualmente, semestralmente, trimestralmente ou bimestralmente, segundo o criterio fixado na ordenanza, pois a lectura de contadores farase polo Concello para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación, remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder iniciar a executiva.
- Remitirlle á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.
- Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elaboralo correspondente informe e expedir o documento acreditativo desta.
- Remitir as domiciliacións existentes.
- Remitir a Ordenanza Fiscal aplicable.

b) Facultades de xestión da Deputación:

- Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo individuais.
- Dita a providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidación de xuros por demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.6. Contidos de aplicación a tódolos tributos:

As facultades de recadación en período voluntario e executivo, tanto de débedas por recibo como de liquidacións por ingreso directo e, se é o caso, de autoliquidacións, correspondentes ó imposto sobre bens inmobles, actividades económicas, vehículos de tracción mecánica, e as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

taxas cuxa xestión se delega abarcarán cantas actuacións comprende a xestión recadatoria de acordo coa lexislación aplicable e, en todo caso o seguinte:

- Practicar notificacións colectivas en débedas por recibo e individuais en liquidacións por ingreso directo.
- Fixar prazos de cobro en período voluntario en débedas por recibo.
- Establecer, de ser necesario, itinerarios de cobranza.
- Conferir e revogar ás entidades de depósito o carácter de entidades colaboradoras e establece-los límites da colaboración.
- Expedir relacións certificadas de debedores por recibos e certificacións de descuberto por liquidacións de ingreso directo.
- Dita-la providencia de prema en recibos e certificacións de descuberto e resolve-los recursos contra o devandito acto administrativo.
- Liquidar xuros de demora, trala orde expresa do Concello para a súa aplicación en tódalas débedas en que aqueles sexan esixibles.
- Conceder ou denegar aprazamentos e fraccionamentos en voluntaria e executiva.
- Recibir e custodiar garantías de débedas ou dispensalas.
- Ordena-la constitución de hipotecas especiais.
- Ditar acordos de derivación de procedemento.
- Efectuar peritaxes e valoracións de bens embargados.
- Autorizar e presidir subhastas.
- Acorda-la suspensión do procedemento.
- Iniciar tercerías de dominio e de mellor dereito.
- Propoñe-la adxudicación de predios ó Concello, expedindo as certificacións necesarias para a súa inscrición nos rexistros públicos.

2.7. Recadación en vía executiva das multas impostas polo Concello.

A Deputación procederá a xestionar en vía executiva as multas de carácter firme impostas polo Concello da Pobra de Trives no ámbito das súas competencias, previa remisión, por parte do Concello, da copia da resolución sancionadora de que se trate, así como da correspondente certificación de descuberto emitida pola Intervención do concello.

2.8. Outras condicións da delegación:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

- 1) A Deputación Provincial de Ourense exercerá as facultades obxecto da presente delegación na forma que acorde a expresada Corporación.
- 2) Para o exercicio das facultades delegadas, o servizo aterase ó ordenamento local e á lexislación aplicable de acordo co establecido na Lei reguladora das facendas locais, así como na normativa que en materia de xestión e recadación tributarias poida dita-la Deputación Provincial en uso da súa potestade regulamentaria prevista no artigo 106.2 da Lei de bases de réxime local, e na ordenanza municipal de xestión de tributos, segundo modelo uniforme facilitado pola Deputación.
- 3) Polo exercicio das funcións delegadas no presente acordo, a Deputación Provincial percibirá as compensacións económicas previstas na actual Ordenanza Provincial Fiscal vixente na materia.

As cantidades a que dea lugar a devandita compensación económica serán retiradas das entregadas e liquidacións correspondentes que se realicen ó Concello .

- 4) A devolución dos ingresos indebidos que, de se-lo caso, se produza, ocasionará a dedución da cantidade correspondente das liquidacións que deban renderse ó Concello, sendo por conta da Deputación Provincial a devolución da parte de recarga de prema percibida só nos casos en que a causa que dea orixe á devandita devolución sexa imputable á súa actuación no exercicio das facultades delegadas.

A compensación de débedas en período voluntario que, de conformidade coa lexislación aplicable, o Concello puidera acordar, requirirá a intervención do servizo para a súa realización, debendo, en calquera caso, entenderse como débedas cobradas para os efectos do premio de cobranza e das recargas ou participacións que á Deputación Provincial poida corresponder nestas.

- 5) Os anticipos a conta da recadación rexeranse polo disposto no artigo 8 da ordenanza fiscal antes mencionada. En todo caso, non se concederán anticipos sobre a recadación da taxa de recollida do lixo, dado que os gastos do servizo son asumidos integramente pola Deputación Provincial, ó estar delegada na administración provincial a xestión e ordenación deste servizo municipal.
- 6) As cantidades que correspondan pola recadación obtida serán transferidas ó Concello mensual ou trimestralmente, segundo o seu importe, acompañadas da documentación xustificativa, rendéndose anualmente, polo servizo a conta da súa xestión recadatoria.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Das ditas cantidades deduciranse, se é caso, os gastos soportados pola Deputación Provincial pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos que non resultasen cubertos pola recadación da taxa de recollida de lixo, segundo a última liquidación dos custes do servizo aprobada, e a cantidade que corresponda aboar anualmente para o pagamento da débeda do Concello coa Deputación, segundo o disposto na cláusula 1ª do presente convenio.

TERCEIRA.- Comisión de seguimento.

1.- Establécese unha comisión de seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

a.- En representación da Deputación Provincial:

- O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
- O secretario xeral, o interventor, o tesoureiro e o xefe do Servizo de Recadación, ou funcionarios que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b.- En representación do concello:

- O alcalde, ou concelleiro no que delegue, que poderá comparecer asistido de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. A comisión de seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle un voto ó concello e un voto á Deputación Provincial.

3. Son funcións da comisión as seguintes:

- a) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- b) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- c) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- d) Interpreta-lo presente convenio, con carácter executivo, así como resolver as incidencias que poidan xurdir na súa aplicación

4. A comisión de seguimento adoptará os seus acordos por unanimidade, dado o seu carácter paritario. En caso de non acadarse a dita unanimidade, deixarase constancia en acta desta circunstancia, dándose por cumprido o trámite de informe da comisión, no caso de que este

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

sexa preceptivo, e podendo as entidades parte do convenio exercer as accións xudiciais ou administrativas que consideren oportunas.

5. No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

CUARTA.- Réxime xurídico.-

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa.

QUINTA.- Causas de resolución do convenio.-

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte se entenderá referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
- c) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da comisión de seguimento a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, previa audiencia do concello e informe da comisión de seguimento, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

SEXTA.- Duración do convenio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

O presente convenio terá vixencia a partir do 1 de febreiro de 2013, expirando o 31 de decembro de 2020.

7º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE AVIÓN PARA LIQUIDACIÓN E PAGAMENTO DAS DÉBEDAS EXISTENTES ENTRE ÁMBALAS DÚAS ENTIDADES LOCAIS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía,

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aproba-la subscrición do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Avión, para a liquidación e pagamento das débedas existentes entre ámbalas dúas entidades locais, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Obxecto e contido.

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a total liquidación e pagamento, durante o seu prazo de vixencia, da débeda existente Concello de Avión coa Deputación Provincial de Ourense a 31 de decembro de 2012, así como o establecemento dos mecanismos de garantía do cumprimento dos prazos de liquidación establecidos.

Na súa virtude, as partes acordan a adopción das seguintes medidas

a) O Concello de Avión reconece a existencia da seguinte débeda a 31 de decembro de 2012, en concepto de débeda líquida, vencida e esixible:

- O Concello de Avión adebédalle á Deputación a contía de 260.338,45 euros.

b) Ó abeiro do disposto no artigo 109 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello de Avión e a Deputación Provincial de Ourense acordan, con efecto do día da data, reconecer a subsistencia dun saldo acredor a favor da Deputación por importe de 260.338,45 euros.

c) O pagamento da débeda subsistente do Concello de Avión coa Deputación Provincial levarase a efecto nun prazo máximo de catro anos e dous meses contados a partir do 1 de febreiro de 2013, mediante o aboamento á Deputación dunha cota máxima anual de 61.500 euros durante os primeiros 4 anos, e o resto nos seguintes dous meses.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

O pagamento realizarase entre os días 1 e 5 de cada mes, e a cantidade a aboar a Deputación Provincial de Ourense mensualmente será de 5.125 euros, durante os primeiros catro anos, e nos dous meses restantes a cantidade de 7169,22 euros.

d) Como garantía do cumprimento dos prazos de pagamento establecidos na presente cláusula, ó primeiro impago producido polo Concello de Avión a Deputación, procederase o embargo inmediato da participación de dito Concello, nos Tributos do Estado, por parte da Deputación.

SEGUNDA.- Comisión de seguimento.

1.- Establécese unha comisión de seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

a.- En representación da Deputación Provincial:

- O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
- O secretario xeral, o interventor, o tesoureiro e o xefe do Servizo de Recadación, ou funcionarios que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b.- En representación do concello:

- O alcalde, ou concelleiro no que delegue, que poderá comparecer asistido de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. A comisión de seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle un voto ó concello e un voto á Deputación Provincial.

3. Son funcións da comisión as seguintes:

- a) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- b) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- c) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- d) Interpreta-lo presente convenio, con carácter executivo, así como resolver as incidencias que poidan xurdir na súa aplicación

4. A comisión de seguimento adoptará os seus acordos por unanimidade, dado o seu carácter paritario. En caso de non acadarse a dita unanimidade, deixarase constancia en acta desta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

circunstancia, dándose por cumprido o trámite de informe da comisión, no caso de que este sexa preceptivo, e podendo as entidades parte do convenio exercer as accións xudiciais ou administrativas que consideren oportunas.

5. No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

TERCEIRA.- Réxime xurídico.-

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa.

CUARTA.- Causas de resolución do convenio.-

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte se entenderá referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
- c) Por incumprimento das obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da comisión de seguimento a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, previa audiencia do concello e informe da comisión de seguimento, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

QUINTA .- Duración do convenio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

O presente convenio terá vixencia a partir do 1 de febreiro de 2013, expirando o 30 de abril de 2017

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR CONTRA A SUPRESIÓN DO SERVIZO FERROVIARIO ENTRE OURENSE E PUEBLA DE SANABRIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Álvarez Dobaño, para que defenda o contido da moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, aclara que a moción foi presentada polo deputado e alcalde de Baños de Molgas, don Eladio Mangana Nóvoa, co seguinte contido: *O pasado vinte e oito de decembro de 2012 o Consello de Ministros aprobou o denominado Plan de racionalización dos servizos de transporte ferroviario de viaxeiros de media distancia, que declara como obriga de servizo público tódalas relacións ferroviarias cun aproveitamento superior ó 15 %. Como consecuencia do dito plan mantense a conexión Santiago-Carballiño-Ourense e tamén, aínda que non chegan a ese 15 %, a de Ourense-Vigo (11,7 %) e a de Vigo-Ourense-Monforte-Ponferrada (12,9 %). No caso de Ourense-Puebla de Sanabria trátase dun servizo que non chega ós nove mil viaxeiros ó ano, investindo o erario público 371 euros por usuario, cando o viaxeiro paga 11,90 euros polo billete. A preocupación da Deputación ante a supresión do servizo entre Ourense e Puebla de Sanabria é compartida cos alcaldes e cidadáns dos concellos polos que transcorre - A Mezquita, A Gudiña, Vilariño de Conso, Castrelo do Val, Verín, Laza, Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Paderne de Allariz e Taboadela- polos efectos negativos que pode traer, pois resulta evidente o impacto negativo desta medida no illamento e na incomunicación destas poboacións, que perderán un servizo público esencial como o transporte. Polo exposto, propónselle ó Pleno a adopción do seguinte acordo: “A Deputación de Ourense: 1º.- Manifesta a súa preocupación e o rexeitamento ante a decisión de suprimi-lo servizo ferroviario entre Ourense e Puebla de Sanabria. 2º.- Insta ó Ministerio de Fomento para que reconsidere esa medida e manteña a operatividade da conexión por ferrocarril entre Ourense e Puebla de Sanabria, evitando así a perda dese servizo público esencial de transporte para os concellos da provincia polos que transcorre.*

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, non vai ser el, como veciño de Baños de Molgas, o que diga que esa moción non é importante. Na exposición de motivos da moción noméanse os municipios da Mezquita, A Gudiña, Vilariño de Conso, Castrelo do Val, Verín,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Laza, Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Paderne de Allariz e Taboadela, xa que logo, pregúntase por que o Sr. presidente, como responsable desta institución e alcalde de alcaldes, só se reúne cos alcaldes que son do seu partido cun claro exemplo de partidismo, reuníndose só cos seus e deixando a un lado a outros alcaldes e ó resto de veciños afectados por esta supresión. Pensa que é unha moción excesivamente compracente coa decisión do goberno do Partido Popular que dá a sensación de ser máis un lavado de cara diante das posibles presións veciñais que unha reivindicación real. A supresión da liña enmárcase dentro dun plan, ó que eufemisticamente se denomina, de Racionalización do Ferrocarril, aprobado polo Partido Popular. Ese plan ten varios obxectivos, un deles é liberaliza-lo servizo ferroviario de viaxeiros a 31 de xullo de 2013; elimina-las liñas que economicamente non sexan rendibles; deixar que sexa o goberno o que tome a decisión de que liñas e cales non teñen a consideración de servizo público. Divide ADIF en dous, que ó igual que no sistema bancario, son un ADIF bo, que vai xestiona-las liñas rendibles, que posteriormente se privatizarán, e un ADIF malo, que vai xestiona-las liñas deficitarias e non rendibles, co cal terán a escusa perfecta para desmantelalas e eliminalas. O goberno do Partido Popular, coa escusa da crise económica, entra a saco eliminando un medio de transporte que é vertebrador do noso país e desta provincia. Permite que miles de persoas dos territorios afectados poidan facer cousas tan variadas como asistir ó médico, a fisioterapia, xestións bancarias, comerciais, a estudar, etcétera. Ben é certo que o seu uso non é tan frecuente como debería ser pero tamén é certo que o servizo non está axeitado para os nosos veciños e veciñas. Este plan aséntase sobre unha premisa que incumpre flagrantemente: asegura-la mobilidade dos cidadáns, a través dunha oferta intermodal, que combine servizos ferroviarios con servizos de transporte regular de viaxeiros por estrada. Está demostrado que isto tampouco se cumpre.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, o seu grupo non entende moi ben por que se quen presenta a moción é Eladio Mangana non a defende el. É outra forma de actuar diferente que o Grupo Socialista, por ese motivo, ó mellor, non hai mulleres na bancada do Partido Popular. Parece que os deputados do Partido Popular mudaron o enfoque de traballo nos últimos meses e por moi sorprendente que lles resulte, dálle-la benvinda ó ámbito reivindicativo e agardan que esta nova postura non sexa só unha pose ou unha máscara. Supón que están de acordo en que Ourense sempre foi unha provincia prexudicada no que a servizos se refire. Coincidirán tamén en que o despoboamento se agudizará aínda máis se se leva a cabo a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

supresión deste servizo ferroviario. Os sucesivos e implacables recortes do Partido Popular van supoñer, no caso da conexión ferroviaria convencional, unha dobre discriminación, porque a poboación do medio rural, ademais de recibir os recortes de Rajoy e de Feijóo, tamén verá reducida a súa accesibilidade a un transporte ferroviario digno e mesmo á alta velocidade. Esta decisión do goberno de Rajoy vai afectar a comarcas de dúas comunidades autónomas, de dúas provincias do rural interior, por se fose pouco o illamento ó que se ven sometidas. A supresión do servizo ferroviario das catorce estacións previstas afectará ás comarcas de Ourense, Maceda, A Limia, Monterrei.. Estes veciños verán, se se leva finalmente a cabo a decisión adoptada, como nos seus territorios se constrúe unha liña de alta velocidade por un lado e se lles priva do servizo de tren convencional por outro lado. Agardan que esta moción sirva para presionar ó goberno de Rajoy e para achegar posturas, como aconteceu no caso dos paradores nesa nova etapa reivindicativa que teñen os deputados do PP agora en Ourense. Pensa que hai que actuar desde Ourense con contundencia, para evitar que se materialice esta decisión economicista, baseada na rendibilidade e non no beneficio social dos servizos públicos, nos que sempre insiste o Partido Socialista. Desde o PSdeG agardan esta mesma contundencia co servizo do tren convencional como a que tiveron cos paradores. Hai que ter en conta que o custo para manter esta liña é mínimo, xa que as vías e as estacións xa están feitas. O fundamental é darlle unha viraxe á perspectiva de transporte ferroviario convencional. Do que se trata é de mellora-la oferta comercial, adaptar tarifas, ofrecer horarios comerciais adecuados e levar a cabo unha campaña de promoción para achegarlles ós viaxeiros das comarcas os novos servizos de tren ó mesmo tempo que se segue a facilita-lo transporte ferroviario tradicional. O Sr. presidente sempre se queixa de que a oposición non fai propostas construtivas e esta é unha proposta construtiva e anuncia que ó remate da intervención presentará unha emenda de adición *in voce* para ver se o Sr. presidente é receptivo coas propostas construtivas da oposición. As actuacións deben ir encamiñadas a publicita-lo tren e mellora-las ofertas comerciais para que sexan máis atractivas, porque o transporte ferroviario é un dos medios máis accesibles e máis seguros que existen. Non podemos esquecer que esta liña de tren é usada por traballadores, estudantes e viaxeiros que se desprazan desde a comunidade limítrofe, por exemplo, para facer xestións cotiáns ou dentro do propio territorio da provincia de Ourense. Polo tanto hai unha motivación netamente social para mantelo, é necesario e factible que convivan tradición con modernidade. Non son exposicións excluíntes, porque non se pode poñer en marcha a alta velocidade que non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

vai parar nos pobos por un lado e por outro quitarlles a estes veciños das zonas do rural interior un servizo que existe desde hai un século e medio. Tanto a Xunta de Galicia como a Deputación de Ourense téñense que involucrar na promoción do uso do ferrocarril. O Grupo Socialista vai presentar iniciativas tanto na asemblea lexislativa de Castela-León, como na Deputación de Zamora, para evita-la supresión deste servizo. Como se pode comprobar estamos todos na mesma liña; o PSOE xa presentou unha moción no Senado, e á vista de que existe un acordo unánime sobre o asunto, presentan unha emenda *in voce* co seguinte contido: busca-la colaboración das comunidades autónomas de Galicia e Castela-León, Deputacións de Ourense en de Zamora, así como doutras administracións para manter unha boa oferta de transporte público de viaxeiros, con horarios e tarifas adecuadas, ademais de levar a cabo unha campaña de promoción do uso do tren convencional.

O **Sr. presidente** anuncia que, á parte da emenda *in voce* que acaba de formula-la deputada do Grupo Socialista, hai unha emenda escrita presentada polo BNG.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dálle tamén a benvida á Sra. Morenza as reivindicacións, porque ata hai un ano non se lles vía por ningún lado esa vea reivindicativa para dirixirse ó Sr. Zapatero. Parécelle ben a emenda de adición *in voce* do Grupo Socialista, e pregunta a quen vai dirixida a petición que se recolle nela. En canto á emenda do BNG, á que non se referiu o Sr. Iglesias Pérez na súa intervención, anuncia que tamén están de acordo con ela. Manifesta que desde o ano 1995 o BNG colaborou no goberno de España e conseguiron investimentos nalgúns puntos importantes, pero houbo bastantes gobernos desde aquel ano e non conseguiron nada en relación co punto que nos ocupa. Adianta que van aceptar as dúas emendas. En canto á defensa da moción, dille á Sra. Morenza que o funcionamento interno do grupo o deciden eles e non a oposición.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que, en todo caso, nesas colaboracións de gobernabilidade do goberno do Estado, sempre trataron de conseguir algo para o país e non para o BNG. Manifesta que si teñen unha emenda de engádegas para que Xunta de Galicia insistise en que se fixera efectivo o acordo de 1995. Quere que quede claro que desde o BNG rexeitan de plano a privatización do ferrocarril, anunciada polo goberno do Partido Popular que é o que está tras este tema, o que suporá, entre outras cousas, pechar esta liña e queren reclama-la modernización da rede interna e a creación dunha compañía ferroviaria galega que tanto se leva demandado. Queren denuncia-la pasividade e a complicidade do goberno da Xunta de Galicia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

nesta cuestión, pois na pasada lexislatura non moveu un dedo para esa modernización e a creación do ente. En todo caso, agradecen a presentación desta iniciativa e que haxa ese interese que comparten e agradecen tamén que se acepte a súa emenda de engádega.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, en canto a quen se debe dirixi-la súa proposta di que hai que dirixirse ó órgano competente, entende que é o Ministerio de Fomento. O seu grupo respecta a organización interna do grupo de goberno, pero en pro da democracia interna dos propios grupos, pareceríalles máis conveniente que defenda as mocións quen as presenta. En canto á apostila á que recorre sempre o Sr. Álvarez Dobaño do goberno de Zapatero, lembra que durante anos, co goberno de Zapatero, tamén se estivo subvencionando esta liña, tanto desde o goberno central como desde a propia Xunta. Falando de Ourensanía e volvendo a vea reivindicativa, agardan que apoiem vindeiras mocións como para que se habilite o enlace coa A-52, para reforma-la estrada de Trives (para a que xa hai proxecto pero non se activa) ou para retoma-lo proxecto de conexión da comarca trivesa coa N-120.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, en canto á democracia interna di que é un problema de cada quen como organizarse. Parece que a Sra. Morenza trae o baúl cargado para demostra-la vea reivindicativa, porque empezamos falando do ferrocarril e acabamos falando de estradas.

O **Sr. presidente** manifesta, en relación coa reunión da que falou o Sr. Iglesias Pérez, que a Presidencia se reúne con todas aquelas persoas, cargos públicos, ou representantes, que llo solicitan. A dita reunión tivo lugar o día 29 de decembro, sábado, porque houbo catro alcaldes que pediron esa reunión. En canto os tres ou catro proxectos dos que falou a Sra. Morenza para que se reivindique a súa execución, di que tampouco se executaron co anterior goberno socialista a nivel estatal nin co bipartito da Xunta de Galicia, e son cuestións pendentes e deberes que temos todos como ourensáns. Por último solicítalle á Sra. Morenza que lle pase unha nota co contido da emenda que presentou *in voce* e que foi aceptada polo grupo de goberno e comunica que o proceso para a votación será o que se recolle no Regulamento, primeiro votarán as emendas e posteriormente a moción emendada.

Seguidamente somete a votación a emenda presentada polo BNG, que consiste en engadirlle un punto o texto presentado polo Grupo Popular, que é aprobada por unanimidade.

A continuación somete a votación a emenda *in voce* presentada polo Grupo Socialista, que é aprobada por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Por último somete a votación a moción emendada coas achegas do BNG e do Grupo Socialista, que é aprobada por unanimidade, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense:

- 1- Manifesta a súa preocupación e o rexeitamento ante a decisión de suprimi-lo servizo ferroviario entre Ourense e Puebla de Sanabria.
- 2- Insta ó Ministerio de Fomento a que reconsidere esa medida e manteña a operatividade da conexión por ferrocarril entre Ourense e Puebla de Sanabria, evitando así a perda dese servizo público esencial de transporte para os concellos da provincia polos que transcorre.
- 3.- Insta á Xunta de Galicia para que demande do Estado a efectivización do acordo unánime do Parlamento galego de 1995, que demandaba un plan de investimentos e defendía a modernización da rede interior de Galicia e o aumento das frecuencias e calidade do servizo.
- 4.- Buscará a colaboración das comunidades autónomas de Galicia e Castela-León, deputación de Zamora, así como doutras administracións para manter unha boa oferta de transporte público de viaxeiros, con horarios e tarifas adecuadas, ademais de levar a cabo unha campaña de promoción do uso do tren convencional.

9º.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE BEIRARRÚAS NA CASTELLANA E ENSANCHE CAMIÑO FARIXA, N.º 70/PB/2012, NO MUNICIPIO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación para a execución da obra de beirarrúas na Castellana e ensanche camiño Farixa, n.º 70/PB/2012, no municipio de San Cibrao das Viñas.
- 2º.- Someter a información pública o proxecto de expropiación, de conformidade coa normativa vixente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

10º.- MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN COA A-76.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Iglesias Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que todos saben que a Comarca de Valdeorras está situada na parte oriental da provincia, polo tanto é unha comarca do interior que ten nove concellos e 29.000 habitantes. Xeograficamente é unha zona montañosa con difíciles accesos e difícil conexión coa capitalidade da provincia cuxa principal vía de comunicación, á parte do ferrocarril, é a nacional 120. Esta estrada, que ten preto de 40 quilómetros, presenta continuas limitacións de velocidade, con catro túneles incluídos, e por ela circulan a diario centos e centos de valdeorreses e valdeorresas que se trasladan á capital da provincia (Ourense) e tamén ás localidades próximas de Quiroga ou Monforte, para traballar e para face-las súas xestións. Por outro lado, é a principal vía de comunicación do noso país coa entrada desde as zonas limítrofes leonesas. A única vía de comunicación das principais fontes da economía da comarca (explotación da lousa e sector vitivinícola) é por esa estrada. Polo tanto non hai ningún veciño ou veciña de Valdeorras que non teña que circular por esa estrada. De cara a Ponferrada podería utilizarse a alternativa da 536, cun trazado cheo de curvas e moi estreito. A N-120 é a columna vertebral da Comarca de Valdeorras. Non obstante, hai poucas estradas que xeren tantas noticias como esta: diario O Progreso en xaneiro deste ano “*el mal estado de la N-120 preocupa ós alcaldes de Lugo, Ourense e León*”; en 2011 La Cuenca de León dicía “*los empresarios de Valdeorras piden unidad en el Bierzo para exigir la A-76*”. Nesta estrada hai catro túneles nun estado lamentable, tanto que teñen que ser arranxados polo perigo que encerran, e estas molestias tamén se reflicten na prensa. Conducir por esta estrada é un continuo perigo e unha continua aventura que podería ser interesante se non fose porque están en perigo as vidas humanas. Poderíanse encher páxinas e páxinas con comentarios sobre esta estrada e sobre os seus túneles. Esta situación de cada vez máis deterioro foi a que levou á sociedade a demandar unha infraestrutura nova para que dera, por unha banda, resposta ás cada vez máis demandas sociais, e por outra, para contribuír coa vertebración desa parte do territorio ourensán co resto do noso país. De aí, o pasado 15 de xaneiro, a Comisión de Seguimento da A-76, na que están integradas as alcaldías de Ponferrada, O Barco e Monforte, así como empresarios das comarcas afectadas, solicitáronlle á titular do Ministerio de Fomento (Ana Pastor) a licitación dos tramos de autovía, atendendo á especial perigosidade que ofrece a actual estrada, xa que o corte da N-120 durante os tres últimos meses do ano, provocado por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

derrubamentos no túnel de Cobas, supuxo importantes perdas económicas para as comarcas e para os seus empresarios.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, manifesta que falar da autovía A-76 nesta institución é falar de Valdeorras e do oriente ourensán, territorio esquecido por tódalas administracións desde hai demasiados anos. A finais de 2012, un derrubamento no túnel de Barosa deixa case incomunicada a Valdeorras co Bierzo, coa Meseta e con Europa e o transporte da mercadoría (sobre todo o da lousa) que lles produciu a moitas empresas de Valdeorras perdas económicas moi importantes e a inestabilidade das ladeiras de Cobas segue aí, e en calquera momento pode volver producirse outro corte na N-120. Valdeorras está a pasar por un momento moi delicado debido á crise, que está menoscabando unha industria indispensable para a comarca e para a provincia de Ourense (o Sr. presidente no seu libro de *Ourenanía* fala da lousa como un sector estratéxico e moi importante). A día de hoxe, moitas empresas dedicadas á extracción e venda de lousa están a pasar por unha profunda crise (ERES, atraso no pago de nóminas, peche de empresas e perda de postos de traballo). Por este motivo, o Grupo Socialista entende que a A-76 é de máxima urxencia para o futuro próximo de Valdeorras e do oriente ourensán. A Comisión de Seguimento da A-76, na que están representados os empresarios da comarca afectados e os alcaldes de Ponferrada, O Barco e Monforte, na xuntanza que mantiveron o día 15 de xaneiro, adoptaron dous importantes acordos. O primeiro foi a axilización por parte do Ministerio de Medio Ambiente dos traballos para a Declaración de Impacto Ambiental do proxecto e, unha vez efectuado este trámite, que se execute un pequeno proxecto dentro da A-76, que sería a zona de Requeixo-Frieira no Bierzo a Porto na provincia de Ourense, é dicir, do pk 7,5 ó pk 17,5 do proxecto total da A-76, que suporía evitar un posible corte na N-120 nos túneles de Barosa e Cobas. Ten coñecemento dunha emenda presentada polo Grupo Popular e como, ó parecer, están todos de acordo, anuncia que votarán a favor tanto da moción do BNG como da emenda mencionada.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o remate completo para estas obras que manexaba o anterior goberno socialista, situábase ó redor do ano 2018, pero hai que ter en conta que se perdeu un tempo precioso para levar a cabo as obras nunha época con moitas máis posibilidades e que nos atopamos nun momento de máxima dificultade, non só para iniciar as obras, senón mesmo para rematar as que están en marcha. Esta autovía xa estaba

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

contemplada no chamado PEIT, (Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte, do Ministerio de Fomento para os anos 2005-2020), cando estaba dirixido por dona Madalena Álvarez que tanto quería ós galegos e foi aprobado polo Consello de Ministros do goberno socialista o 15 de xullo de 2005. De feito, as partidas para afronta-lo seu estudo informativo figuran nos orzamentos do Estado desde o ano 2005. Pasaron máis de sete anos e aínda non se rematou de elabora-lo estudo informativo. O estudo informativo desta autovía entre Ponferrada e Ourense, foi adxudicado polo Ministerio de Fomento en xaneiro de 2006, cun orzamento de adxudicación de 945.000 euros. O estudo informativo provisional foi aprobado polo Ministerio de Fomento en setembro de 2008 e foi sometido a información pública, remitíndollelo ós distintos organismos, entre eles a antiga Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, daquela dirixida polo secretario xeral dos socialistas de Galicia. Co cambio de goberno na Xunta, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza emite informe sobre o estudo de impacto en marzo de 2012 e, en abril dese mesmo ano, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emite informe realizando observacións e suxestións, entre as que cabe destacar unha: *“considerase que a referida alternativa é funcional, ambiental, económica e territorialmente viable, presentado uns valores aceptables para o seu desenvolvemento na maioría dos tramos, dado que os trazados coinciden e supoñen un desdoblamento da actual N-120, excepto no tramo Biobra 1, posto que se poría en risco a integridade do espazo denominado “Serra da Enciña da Lastra”*. A Xunta ofreceu a súa colaboración para arranxa-la situación e nas reunións que mantivo co Ministerio de Fomento ofreceuse daquela como alternativa a posibilidade de atravesar por túnel o referido parque natural, nun tramo de 4,5 quilómetros. Daquela, a Xunta de Galicia criticou a postura do Ministerio, dirixido por José Blanco, que xustificaba o retraso da declaración ambiental do total da autovía (uns 150 quilómetros) por esta dificultade, indicando que se podería excepcionar este pequeno tramo, como se fixo coa A-54 Lugo-Santiago, no tramo Palas de Rei-Arzúa e se buscou unha solución por tramos. A postura responsable da Xunta, que propuxo un trazado alternativo para minimiza-la afección á espazo natural da Serra da Lastra, foi utilizada polo ministro de Fomento, José Blanco, que destacou reiteradamente a oposición do goberno galego a este trazado. Mesmo nunha comparecencia no Senado, en abril de 2011, chegou a afirmar que *“el informe negativo al trazado de la Xunta mantiene bloqueado el avance de la autovía”*. Co cambio de goberno en Madrid, a ministra Ana Pastor nunha comparecencia na Comisión de Fomento do Senado anunciou que se incluíría no novo Plan de infraestruturas (PITVI) a autovía. Actualmente, pois, a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

autovía A-76 está incluída no referido plan elaborado polo Ministerio de Fomento para os anos 2012-2024. Prevese que a conclusión do estudo informativo se poida producir ó longo de 2013, logo de ter obtida previamente a Declaración de Impacto Ambiental. En conclusión, á vista da recoñecida demora nesta autovía, prometida por un goberno socialista desde 2004 e incorporada ós sucesivos orzamentos desde 2005 ata a actualidade, sen que se teñan producido avances significativos, deixando pasar un tempo de ouro pola expansión da economía e sen que se chegase nin a remata-lo estudo informativo, é polo que o Grupo Popular presenta unha emenda de substitución ós acordos solicitados polo BNG, co seguinte contido: *A Deputación de Ourense 1.- Reivindica a importancia do proxecto de autovía Ourense-Ponferrada A-76, actuación de gran transcendencia para a vertebración de Galicia, sendo sensible ás demandas dos concellos e organizacións que a demandan. 2.- Insta á Xunta de Galicia para que demande do Ministerio de Fomento o seu compromiso firme e inequívoco para a execución desta autovía. 3.- Insta ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para que acelere os traballos de redacción da Declaración de Impacto Ambiental deste proxecto da A-76, para posibilita-la aprobación definitiva do estudo informativo da autovía. 4.- Insta ó Ministerio de Fomento, unha vez cumprimentado o punto terceiro deste acordo, para que licite a redacción dalgún dos proxectos dos tramos en que se divida a autovía. 5.- Demanda ó Ministerio de Fomento a rápida continuación dos traballos de rehabilitación estrutural e recuperación do firme na N-120 e na N-536, cuxo proxecto obra en poder da Demarcación de Estradas do Estado en Ourense.*

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que o grupo de goberno e o seu presidente, ás veces, en vez de alcalde dos alcaldes e goberno dos goberno parece a oposición das oposicións. Non poden negar que os grupos de oposición da Deputación teñen levado a iniciativa en moitas ocasións e aínda que intenten remendar con emendas as súas mocións, ás veces o único que fan e baleiralas de contido e non acadan a finalidade para a que foron redactadas. Anuncia que votarán a favor da emenda presentada polo Grupo Popular, posto que reabre o debate e cumpre cos obxectivos que demanda a cidadanía. O Sr. Álvarez Dobaño fixo un recordatorio do que pasou ó longo do tempo e el lembra que dos posibles trazados que se propuxeron, entre eles pola N-120 e a N-536, o que saía por Monforte, o de Trives, Castro Caldelas e Esgos, xeraron conflitos entre provincias, concellos e tamén politicamente. Daquela, José Blanco, que aínda non era ministro de Fomento, asegurou que esa autovía iría por Monforte, algo que desdixo o daquela secretario de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

Estado de Infraestruturas, Víctor Morlán. A realidade é que a sociedade, os ourensáns e os valdeorreses están vendo que esa infraestrutura non vai estar rematada no ano 2018 e tampouco teñen a perspectiva de que se vaia cumprir este novo plan do actual goberno do Estado. Pensa que é importante e necesario reabrir este debate e que todos esteamos de acordo, que é o mellor para a provincia e para a Comarca de Valdeorras.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, manifesta que na súa primeira intervención non falou nin do malo malísimo do goberno Zapatero nin do bo boísimo do goberno Rajoy, pero postos a dicir cousas lembra que o deputado Celso Delgado, en 2011, dicía que se podían face-las obras e este señor é o presidente da Comisión de Fomento nestes momentos e tanto o ministro de Medio Ambiente como a ministra de Fomento neste momento son do Partido Popular. Como valdeorrés, dálle igual quen faga a autovía, o único que quere é que se faga. Se Zapatero era moi malo xa llo fixeron paga-los veciños de Valdeorras e de toda España con catro ou cinco millóns de votos menos pero agora goberna o Partido Popular. Di que lle gusta moito algo que di o Sr. presidente no seu libro: *chego a presidente da Deputación de Ourense nun momento no que por mor da crise económica internacional*, porque reconece que a crise é internacional. Pide que se deixe de nomear tanto a Zapatero e a Pepe Blanco, que agora están no *banquillo* (falando en termos futbolísticos). Critica ó Sr. presidente por non invitar ós portavoces dos grupos e ó deputado da zona á reunión que o Sr. presidente mantivo, e non lle parece ben que se reúna o Partido Popular na Deputación.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ó Sr. Bautista Carballo que o grupo de goberno, polo menos, reconece a crise, outros non a reconecían e dicían que estabamos na Champion Leage. Na súa intervención anterior limitouse a facer un relatorio de datos obxectivos e citou ó Sr. Blanco porque daquela era o ministro, igual que citou agora á Sra. Pastor porque é ministra. Agora venlles a vea reivindicativa, porque desde 2004 o Sr. Blanco repetía nun mitin si e noutro tamén o que todos coñecemos e desde aquela xa choveu. Están de acordo en reivindicar esta obra tan importante para Galicia e para a provincia de Ourense. En canto á reunión que convocou o Sr. presidente di que foi unha reunión que pediron determinados alcaldes co presidente da Deputación, non co presidente do Partido Popular e non se pode considerar ós medios de comunicación como o Boletín Oficial do Estado cando interesa, porque houbo alcaldes do Partido Popular que non estaban presentes na reunión. Todos sabemos que a bonanza económica que había a principios da década do 2000 non é a que hai agora. Pensa que non están

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

facendo oposición da oposición, senón que fixo un relatorio do que pasou con esta obra desde o ano 2004. Alégrase de que acepten a emenda de substitución proposta, porque pedir que se apoiem os acordos da Comisión de Seguimento, os que xa tomou e os futuros, pensa que primeiro hai que sabe-lo que se apoia. Lembra que hai pouco un deputado do Grupo Popular asistiu a determinada reunión, en representación da Deputación, e non admitiron que pertenza a esa comisión. En canto a demandar do Ministerio de Fomento que cumpra os prazos fixados no PEIT, di que ese plan está modificado polo novo PITVI. Reitera o agradecemento ós dous grupos por apoiar-la emenda de substitución presentada e a ver se entre todos xuntos facemos honra, con certa calma, desa vea reivindicativa que mencionou antes a Sra. Morenza.

Intervén o **Sr. presidente** para agradecerlle ó Sr. Bautista Carballo que lera o seu libro e lémbrale que a reunión que tivo lugar na Deputación con representantes públicos foi a pedimento deles. O Sr. Bautista non solicitou en ningún momento unha reunión co presidente da Deputación con motivo da A-76, nin sequera a comisión de seguimento. Tampouco se fixo chegar a esta Deputación ningún acordo desa comisión de seguimento. Manifesta que el está para escoitar e para reunirse con aquelas persoas e cargos públicos que o solicitan, para expoñe-las súas posturas sobre este tema.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que, se non entendeu mal, o novo plan de infraestruturas é de 2012-2024, e pensa que a execución dunha obra non depende do plan no que estea recollida, senón de que realmente se execute.

Seguidamente o Sr. presidente anuncia que someterá a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, e se é aprobada xa non haberá que vota-lo texto orixinario da moción, porque quedaría emendado.

A continuación somete a votación a emenda presentada polo Grupo Popular, que resulta aprobada por unanimidade.

Como consecuencia disto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense

1º.- Reivindica a importancia do proxecto de autovía Ourense-Ponferrada A-76, actuación de gran transcendencia para a vertebración de Galicia, sendo sensible ás demandas dos concellos e organizacións que a demandan.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

2º.- Insta á Xunta de Galicia para que demande do Ministerio de Fomento o seu compromiso firme e inequívoco para a execución desta autovía.

3º.- Insta ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para que acelere os traballos de redacción da Declaración de Impacto Ambiental deste proxecto da A-76, para posibilita-la aprobación definitiva do estudo informativo da autovía.

4º.- Insta ó Ministerio de Fomento, unha vez cumprimentado o punto terceiro deste acordo, para que licite a redacción dalgún dos proxectos dos tramos en que se divida a autovía.

5º.- Demanda ó Ministerio de Fomento a rápida continuación dos traballos de rehabilitación estrutural e recuperación do firme na N-120 e na N-536, cuxo proxecto obra en poder da Demarcación de Estradas do Estado en Ourense.

11º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE OUTUBRO DE 2012 E DO 1º ADICIONAL DE SETEMBRO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de outubro de 2012 e do 1º adicional de setembro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

12º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE OUTUBRO DE 2012 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 3º DE XULLO, 2º DE AGOSTO E 1º DE SETEMBRO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de outubro de 2012 e dos seguintes adicionais: 3º de xullo, 2º de agosto e 1º de setembro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- O Sr. presidente anuncia que se presentaron as seguintes mocións polo Grupo do PSdeG.-PSOE.

13ª.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG.-PSOE SOBRE A ACHEGA ECONÓMICA ÓS CONCELLOS DERIVADA DOS PLANS PROVINCIAIS 2013.-

Trala unánime declaración da urxencia da moción, o Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda esta iniciativa.

D. José Igancio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pensa que esta “ocorrenza” é bastante positiva para todos. Manifesta que, para o seu grupo, os medios de comunicación non son o Boletín Oficial, pero si é verdade que a maioría das veces reflicten o que ocorre. En canto á mencionada reunión solicitada polos alcaldes de Valdeorras, ata onde el coñece Celso Delgado non pertence a Valdeorras nin é alcalde. Tamén se apelou á capacidade intelectual dalgún deputado e o Sr. presidente é o primeiro cargo público do Partido Popular que reconece que houbo un golpe de Estado no ano 1936, polo que lle pide que lles diga ós seus compañeiros que vaian tomando nota. En canto á “ocorrenza” que presentan manifesta que os concellos teñen o compromiso e obriga de adecua-lo seu comportamento e actuación ós principios xerais de eficacia e eficiencia administrativa, de tal xeito que se garanta unha utilización e distribución eficiente e óptima dos recursos dispoñibles, así como a prestación duns servizos de calidade que satisfagan e se adapten ás necesidades específicas da poboación. Principios de actuación que aínda resultan máis necesarios en contextos de crise económica como o actualmente vivido, resultando preciso apostar pola posta en marcha de fórmulas que incidan sobre a distribución eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles co fin de minimizar, na medida do posible, o custo dos diversos servizos. O Grupo Socialista solicita da Deputación que as cantidades que correspondan, así recollidas no orzamento xeral da Deputación, a cada concello para o ano 2013, a través dos denominados plans provinciais, deixen de ter carácter finalista, de xeito que sexan os propios concellos os que opten por dedicalos a investimentos ou para sufraga-los custos de servizos mínimos e obrigatorios de acordo coa lexislación reguladora da Lei de bases do réxime local, porque como hai unha modificación ó mellor alguén sofre algunha mingua nas súas competencias. Isto é, que os concellos poidan te-la oportunidade e a posibilidade de destina-la achega da Deputación para obras e para servizos básicos, xa sexa gasto corrente ou outro tipo de necesidades, porque os concellos teñen un grave problema enriba da mesa, xa que non saben neste momento como se van financiar moitos servizos. Espera que no momento que se redacten as bases para os plans

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

provinciais entre todos sexan capaces de deixar esta posibilidade aberta. Entende que esta ocorrencia é boa para tódolos gobernos da provincia que a compoñen 92 concellos e 91 entrarían dentro desta posibilidade, porque están falando de servizos básicos e non para gastar en festas e fogos de artificio, e cada alcalde decida as prioridades dos servizos para cubrir.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que durante todos estes anos, nos que sucesivamente se foron aprobando os plans provinciais, desde o BNG sempre mantiveron que, aínda que o monto económico era escaso, isto era unha das poucas cousas obxectivas e obxectivables. Os sucesivos plans permitiron que moitos concellos puidesen acometer obras de infraestrutura básica de abastecemento e saneamento e, en moitos casos, mellora-la rede viaria. Desde o BNG poden comparti-la exposición que fai o grupo proponente da moción, dada a precaria situación na que están inmersos a meirande parte dos concellos. Non obstante, pensan que esta proposta merece un debate máis clarificador, acoutando no posible as medidas para tomar, porque poderíamos estar vestindo un santo para espir outro. É dicir, perdería o carácter finalista e poderíamos corre-lo risco da eminencia das cousas que obrigaran a afrontar gastos concretos que, en principio, serían servizos básicos. O BNG propón que este asunto quede enriba da mesa, porque habería que acoutar con precisión o destino das partidas, pois non vaia ser que se utilice o diñeiro, ó mellor, para pagar unha dedicación exclusiva, por poñer un caso, ou para pagar débedas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que para nada isto é unha “ocorrencia” e isto si é cometido dos deputados, facer propostas en positivo. Está de acordo co Sr. Rodríguez Puga, porque este asunto non é para aprobar de forma xenérica. Quere que quede claro que están de acordo co fondo do asunto e coa proposta que presentan, pero hai que estudala máis detidamente e determinar en que servizos se poden utilizar esas partidas. Adianta que os técnicos da Deputación levan traballando neste asunto desde hai semanas e o compromiso da Presidencia é que no pleno do mes de febreiro, previamente na comisión informativa correspondente, poderemos dispoñer da proposta concreta para analizala e emendala.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, agradece que dalgún xeito se recoñeza que son útiles para esta Deputación. Manifesta que votarán a moción tal como está presentada porque a intención do seu grupo queda clara na moción, independentemente de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

que se poida discutir despois como se vai executa-lo que se acorda. Está de acordo en que nas bases que se redacten quede claro en que servizos ou para que finalidade se van utilizar eses recursos. En canto ás dedicacións exclusivas, segundo ten entendido, só se poden xerar a través dos orzamentos e dos propios recursos. O seu grupo votará a favor da moción, entendendo que hai boa vontade por parte dos outros grupos para, entre todos, poder facer unhas bases nas que se recolla o sentido da moción e que cada concello decida, dentro duns servizos básicos obrigatorios que están regulados por lei, onde quere investir ese diñeiro, deixando claro que non se malgastarán nin se dedicarán a fogos de artificio.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, unha vez recoñecido por todos o valor positivo da proposta e en espera da elaboración das bases mencionadas, anuncia que apoiarán a moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, xa manifestou que o seu grupo está de acordo co fondo do asunto, pero entenden que a moción é excesivamente xenérica. Reitera o compromiso da Presidencia para que con antelación suficiente ás comisións informativas e ó pleno do mes de febreiro, os grupos dispoñan da proposta de bases que están elaborando os técnicos provinciais, para que todos poidan face-la achegas que consideren oportunas. Pide que se entenda o voto en contra do seu grupo no sentido mencionado e non como que están en contra da proposta en si.

Seguidamente a Presidencia somete a votación a moción tal e como foi presentada polo Grupo do PSdeG.-PSOE, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que queda rexeitada.

13ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O REGULAMENTO, MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

Trala unánime declaración da súa urxencia, a Presidencia dálle a palabra á Sra. Lama Fernández para que defenda o contido da moción.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que o Sr. Álvarez Dobaño dixo que a cidadanía os pon aquí para facer propostas, pero tamén pon á oposición para fiscaliza-lo labor do grupo de goberno. Esta moción ten por finalidade pórllle fin á situación de barra libre da que gozan os afíns ó PP nesta institución. Estase a referir a aquelas persoas que, en moitos casos, están

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

dirixindo outras organizacións, mentres constatan cada ano o castigo que sofren as asociacións sen cor política onde o que prevalece é o criterio de utilidade social e a representatividade. Di isto con coñecemento de causa, porque ven do mundo do asociacionismo. Seguidamente dá lectura á moción, co seguinte contido: *“Veñen de aprobarse hai uns días os orzamentos da Deputación Provincial de Ourense. Un ano máis podemos observar como neles se contemplan unha serie de subvencións nominativas a diferentes entidades, pero existen diferentes partidas, todas elas moi cuantiosas, destinadas a subvencións sen especificar cal vai se-lo criterio da súa dación. Estamos acostumados, ano tras ano, a que o anterior presidente dera todo tipo de subvencións sen ningún tipo de control e co único criterio da arbitrariedade total. Así temos denunciado en múltiples ocasións, que dende esta Deputación se teñen subvencionado dende viaxes a Lourdes, pasando por campás de igrexas, tanatorios e comidas da máis diversa índole. Para outorgar estas subvencións empregáronse os sistemas dos decretos de presidencia ou ben por Xunta de Goberno. Este método empregouse sempre para todo tipo de subvencións, excepto nos últimos anos para algunhas das subvencións deportivas que se concedían cunhas bases claras e xulgadas por un comité de expertos. Compre dicir que este sistema se puxo en marcha a iniciativa do Grupo Socialista. Intentamos varias veces que este método se estendera a todo o resto de subvencións, tanto a concellos, asociacións, particulares, etcétera, pero sempre nos topamos coa negativa do Grupo Popular, que deste xeito pretende seguir comprando vontades e vendendo favores cos cartos de todos. Dende que o novo presidente chegou á Deputación de Ourense, fartouse de vender con múltiples presentacións e roldas de prensa que os novos tempos eran chegados, pero aquí, como xa temos dito outras veces o único que mudou foi a boina polo Ipad, porque o fondo da política que se practica por parte do Partido Popular segue a ser a mesma, a política caciquil. Dende esta Deputación repártense cartos como dádivas ó antollo dos seus dirixentes, sen ningún tipo de bases, nin convocatoria, nin ningún tipo de control. Un método propio do século XIX e de réximes de calquera tipo, excepto democráticos. Así, dende o cambio de presidente nesta Deputación, podemos observar como se lle dan subvencións para gasto de funcionamento a algunhas asociacións, pero non a outras, ou como se premia a algúns concellos dándolles cuantiosas sumas para equipar pavillóns deportivos, mentres no concello veciño a axuda é cero. Atopamos que se axuda a financiar garderías infantís duns concellos si e doutros non, pagando entre tódolos ourensáns estes caprichos políticos. E logo podemos observar como se subvencionan festas de tanta*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

importancia como os magostos de Sandiás, a festa do porco en Beariz, ou a do viño de Cenlle. Tamén observamos como se financian mamparas para tanatorios, aluguer de locais de pensionistas ou viaxes de ocio de asociacións de veciños. Esta é a nova política do novo presidente, unha política que pode ter calquera cualificativo menos transparente, xusta e democrática. Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista propón a adopción do seguinte acordo: que tódalas subvencións que se concedan no ano 2013 por parte da Deputación Provincial de Ourense, agás as nominativas reflectidas nos orzamentos, se concedan por concorrencia competitiva e previa elaboración dunhas bases cuns prazos de presentación concretos e nos que se reflectan uns criterios obxectivos para ser concedidas.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que as bases de execución do orzamento para 2013, e para cumprilo disposto no artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e os artigos 10 e seguintes do regulamento da lei, aprobado por RD 887/2006, no seu capítulo XV, bases 86^a, 87^a e 88^a, apartado b), recollen que o procedemento ordinario de concesión será o de concorrencia competitiva, debendo xustificarse debidamente os supostos de concorrencia non competitiva. Non obstante deixa un amplo saco para aquelas subvencións que quedan eximidas do trámite de publicidade e concorrencia e neste caixón desastre entran a práctica totalidade das subvencións que outorga a Presidencia, desde entidades sen fin de lucro cuxo obxectivo sexa de utilidade ou interese social, asistencia social, interese cultural ou deportivo e aquelas outras cuxa contía no exceda de 2.000 euros e que teñan carácter excepcional, ou aquelas das cales a administración se serve dun terceiro para a prestación dun servizo. Desde o BNG pensan que se deberían elaborar unhas bases para regular estas asignacións e que desaparecese esa discrecionalidade.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que deste tema xa se ten falado en numerosas ocasións nesta Deputación. Os cidadáns da provincia quixeron, recentemente, que gobernase o Partido Popular, que é a quen lle corresponde a responsabilidade de goberno, e á oposición correspóndelle o control e fiscalización dese goberno, pero en positivo e non con ocorrencias. Recentemente se aprobaron os orzamentos nos que aparecían determinadas subvencións nominativas, como en tódalas administracións públicas, a proposta da Presidencia e conforme coas demandas de numerosos concellos, colectivos e asociacións, atendéndose as que se poden atender. Neses orzamentos reflíctense dúas partidas importantes para entidades deportivas e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

para entidades de carácter social (cada unha con 250.000 euros), que se incrementan nun 40% con respecto ó ano pasado. Non se pode pretender (cando non se goberna) que os órganos de goberno desta Deputación queden baleiros de competencias e de capacidade para decidir en supostos concretos nos que a convocatoria por concorrencia competitiva resultaría inviable ou imposible. Sen acritude, preguntalle á Sra. Lama Fernández se o que pretenden é utiliza-lo mesmo modelo que utilizan na Deputación de Lugo ou no Concello de Ourense. Na Deputación de Lugo ata principios de decembro de 2012 se distribuíron directamente (é dicir nominativamente) 1.400.000 euros, dos cales 150.000 euros, repartidos en tres anualidades (2012, 2013 e 2104) foron destinados a un concello gobernado polo Partido Popular (Barreiros) o resto foron para concellos gobernados polo PSOE ou polo BNG e para algún independente. Non cuestiona se están ou non ben destinados, pero pensa que hai que te-lo mesmo criterio onde se goberna e onde non. Non sabe, utilizando as palabras da Sra. Lama, se os gobernos mencionados (Lugo e Ourense) teñen unha política caciquil, ou se compran vontades e venden favores con cartos públicos.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dille ó Sr. Álvarez Dobaño que se está trabucando e que segue co rosario do *y tu más*. Ó mellor noutros sitios tamén se fan mal as cousas e teñen que muda-la forma de facelas, pero neste momento estamos aquí e aquí si que hai que mudar e moito, porque estamos en boca de todo o mundo. O portavoz do Grupo Popular acaba de cita-las cifras da Deputación de Lugo, pero esta casa nos tres últimos trimestres (son os datos dos que dispón) repartiu en subvencións nominativas 1.615.211 euros, dos cales a maioría foron para concellos gobernados polo PP, 600 euros para un concello do Partido Socialista (Parada de Sil), e para algún concello que gobernou alguén que hoxe é deputado autonómico, xa se vai pola segunda ou terceira subvención para equipa-la casa da cultura e desde esta casa tamén se financia a gardería infantil. Séguense a financiar tanatorios e asociacións e non quere dicir que estea mal financiar estas cousas, pero deben facerse por concorrencia competitiva para que poida optar a elas todo o mundo. Manifesta que no seu concello (Xinzo de Limia) hai 52 asociacións, algunhas máis activas que outras, pero desta casa só perciben diñeiro dúas ou tres, e moitas delas nin sequera saben como nin cando se poden solicitar. Recoñece que os recursos son poucos pero hai que distribuílos mellor xa que as necesidades son moitas. O Sr. presidente recoñecía no seu libro a grave crise que atravesamos, polo que o que ten que facer é redistribuír equitativamente os cartos. Desde o Grupo Socialista se ten destacado neste plenario que existen moitos malos exemplos na concesión de subvencións, e malia ós seus esforzos parece que ó grupo de goberno lle interesa máis seguir

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

sustentando a rede clientelar. Pide que non se xustifiquen con exemplos doutras administracións xa que a que temos que gobernar é esta Deputación e non outras. Ano si e ano tamén esta Deputación lle está dando cartos a moita xente, pero moita desa xente non os necesita e mentres tanto a outros colectivos (sociais, deportivos, culturais, musicais, veciños, mozos e mozas, homes e mulleres, vellos e vellas, feos e guapos) non reciben nada, en moitos casos porque os que as dirixen non son afíns ó grupo de goberno. Para rematar, dille ó Sr. presidente que non pode dirixir esta Deputación como se fose unha casa de beneficencia, con tódolos respectos para aquelas que aínda subsisten e que lle dan acubillo a moitos necesitados. Hoxe, as funcións daquelas lévanse a cabo desde asociacións que funcionan baixo fórmulas estatutarias e non fan caridade, senón xustiza e solidariedade. Como dicía un insigne escritor, que estivo o ano pasado en Ourense, *“la caridad es humillante porque se ejerce verticalmente y desde arriba, la solidaridad es horizontal e implica respeto mutuo”*.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ó Sr. Álvarez Dobaño que, polo que se pode deducir das súas intervencións, estaría encantado se fose oposición en Lugo xa que lle fai máis oposición el desde aquí que os propios de alí. Espera que a cidadanía tome nota e tamén o poña na oposición na Deputación de Ourense. O orzamento de 2013, coa cantidade de diñeiro que asigna de libre disposición, o único que mantén é a discrecionalidade e arbitrariedade que aquí non cambiou e os seus obxectivos son os mesmos que os do anterior presidente. Piden que se elaboren unhas bases obxectivas con carácter anual para o reparto das distintas subvencións. Coas medidas que se están a tomar, como é o ERE que afecta a 33 traballadores e traballadoras desta institución, que se xustifica pola precaria situación económica, resulta cando menos inmoral que se argumente esa situación, que ten un custo social e persoal importante para os traballadores, e por outra banda se destinen esas cantidades de diñeiro para repartir de forma discrecional entre amigos e afíns.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ó Sr. Rodríguez Puga que parece que lle sente moi mal que lle poñan exemplos. Pregúntalle ó portavoz do BNG, que fala de modelo galego e ata se lles indixesta a provincia, se ese modelo xa non é nin sequera galego e se xa é localismo ou se é ó sol que máis quenta. Lembra que por Galicia adiante venderon o modelo de Allariz como *el no va más* traendo excursións de concellos doutras provincias, e algún tivo que vir por narices. Pensa que os partidos políticos deben defende-las súas ideas en tódolos sitios igual, porque senón vai ser igual que o que dicía un cura dunha parroquia *“queridos fregueses facei o que eu digo pero no o que eu fago”*.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

D^a. Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, parécelle unha perda de tempo entrar nas valoracións do que fan outros. Presentaron unha moción para que as subvencións desta Deputación se concedan mediante concorrencia competitiva como se recolle na Lei 38/2003, xeral de subvencións, que sería o lóxico e o normal, para que todo o mundo teña dereito a elas de forma xusta e obxectiva. Lembra que en épocas electorais, o expresidente desta Deputación pouco menos que poñía cartos do seu peto para adiantar algunha subvención para un tanatorio da zona de Xinzo. Actitudes como esta afean a esta casa, afean a política e afean as normas de convivencia entre pobos e veciños e a liberdade individual de cadaquén.

A continuación o Sr. presidente somete a votación a moción presentada, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que a moción queda rexeitada.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que unha vez vistas as últimas noticias aparecidas en prensa mostran unha gran preocupación polo que pode supoñe-la perda do PAC na Pobra de Trives, que afectaría a cunha poboación de 4.100 habitantes repartidos en tres concellos, que se terían que desprazar ata 45 quilómetros no caso de que desapareza. Roga que a Deputación apoie as reivindicacións desta poboación para que non desapareza o mencionado PAC.

O Sr. presidente responde que toma nota do rogo e que así llo fará chegar ós dirixentes da Consellería de Sanidade.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que para que non lle diga que se fía só do que sae nos medios de comunicación, pregunta se xa está nomeado o asesor de cultura desta Deputación e quen é para poder felicitalo.

O Sr. presidente respóndelle que xa lle pode enviar un sms a César Fernández que desde o día 23 deste mes exerce o cargo de asesor de política cultural da Presidencia, unha vez que está vixente o orzamento e se pode nomear ó persoal eventual.

D. José Víctor González Vázquez, do Grupo Socialista, en relación cun tema que xa denunciaron noutras ocasións, sobre cal é a forma de traballar desta Deputación cando hai problemas coa neve. Roga que se actúe por igual nos distintos concellos afectados, sexan de calquera cor política, porque, ó parecer, non actuaron nin estiveron nas mesmas condicións en Manzaneda e Trives que en Chandrexa e Río.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

O **Sr. presidente** responde que non lle constan esas queixas por parte de Manzaneda e Trives, en todo caso todos deben te-la mesma axuda e cooperación por parte desta Deputación, sen mira-la cor política do goberno de quenda.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, unha vez máis ten que insistir sobre cuestións relacionadas co vicepresidente da Deputación, don Luís Rosendo Fernández, porque tardaron seis meses en contestarlles canto gañaba e agora están tardando semanas (por non dicir meses) en contestar cal é o seu horario de traballo.

O **Sr. presidente** manifesta que non hai ningún Luís Rosendo traballando nesta Deputación, en todo caso Rosendo Luís Fernández Fernández que é o vicepresidente desta Deputación e pensa que tódalas cuestións que se referían á súa persoa xa foron respondidas e poden solicitar en calquera momento calquera cuestión. En canto ó seu horario di que o cumpre a plena satisfacción da Presidencia da Deputación.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta cales son as canceiras que están en funcionamento a día de hoxe na rede de canceiras provinciais.

O **Sr. presidente** responde que nun pasado pleno se aprobou a posta en marcha da rede de canceiras a través dun convenio. Están pendentes de construír unha da zona de Valdeorras, con financiamento de AGADER e o mesmo a que lle corresponde á zona xeográfica da Baixa Limia. Nese mesmo convenio, coa adhesión das de Xinzo, O Carballiño e Melón, son as cinco que, en principio, forman parte da rede de canceiras que no Plan Ourense 92 se dicía que estaría operativa en xullo de 2014.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta cando está previsto abrir ó público a de Xinzo concretamente.

O **Sr. presidente** manifesta que llo dirá cando as circunstancias de medios materiais e humanos fagan operativa este tipo de instalacións.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en canto ó control do Sr. presidente en determinados detalles sobre os apelidos das persoas, manifesta que non hai ningunha deputada do Grupo Socialista que se chame Mónica Legaspi, xa que a unha deputada do Grupo Socialista chegoulle esa convocatoria. Roga que se tome nota para que non se cometan estes erros.

O **Sr. presidente** manifesta que comprobará se se cometeu ese erro, pero de todos modos imaxina que a Sra. Vázquez Blanco se deu por convocada porque asistiu á sesión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2013

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que hai un ano aproximadamente, cando o Sr. presidente entrou na Deputación, se comprometeu a que se ía estudar e poñer en marcha un regulamento de funcionamento e organización da Real Banda de Gaitas. Pregunta como está a día de hoxe ese regulamento.

O **Sr. presidente** responde que se comprometeu a presentar unha ordenanza que regulase o funcionamento da Real Banda de Gaitas. Neste momento está en estudo e espera poder traela ó vindeiro pleno, que será o 22 de febreiro, previamente informa pola comisión informativa correspondente. Lembra que aínda non leva un ano nesta institución, hoxe é o día 354.

D. Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular, en relación coas manifestacións feitas polos deputados da oposición, di que leva moitos anos na política e non ten ningún parente traballando na Deputación.

E, ás 13:45 horas do citado día vinte e cinco de xaneiro de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,